

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2019**

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 13 de novembro de 2019, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérz Pérez

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

**Deputados do Grupo de Democracia Ourensana**

D. Armando Ojea Bouzo

D. José Miguel Caride Domínguez

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Francisco Cacharro Gosende

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

**Ausentes na sesión:**

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Gerardo Seoane Fidalgo

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

## **1º.- DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO ANO 2019**

Ábrese o debate coa intervención do Sr. Presidente, nos seguintes termos:

**O Sr. Presidente:** bos días de novo a todos, señoras deputadas, señores deputados, convidados presentes neste salón de plenos, veciñas e veciños que nos seguen a través da retransmisión desta sesión. Tomo a palabra neste debate sobre o estado a provincia, unha iniciativa contida no Código ético de conduta desta institución, e que segue a ser o único no territorio galego e pioneiro a nivel nacional. Xunto co pleno no que aprobamos os orzamentos desta Corporación, constitúe este momento a sesión máis importante do ano, porque serve para que os grupos políticos pasemos revista á situación da provincia, ó papel desta Deputación nese escenario e os retos e deberes que aprobamos para desenvolver nos próximos tempos. Lin estes días unha declaración de Jeff Hoffman, un *coaching* empresarial e *gurú* tecnolóxico, que dicía: *desafortunadamente os políticos pasan demasiado tempo pensando que fai o competidor e menos no que quere o cidadán*; velaí a clave, pensar en que facer e non a quen criticar. Propostas, solucións, feitos, realidade. Unha actitude que deba ser sempre obrigatoria, máxime nun momento no que podería achegarse unha nova recesión económica e tamén un momento, certamente, de incerteza coa crise territorial en España. Un escenario global que debemos coñecer, por exemplo, tres apuntes, estamos nun momento no que a internacionalización, a tecnoloxía e a xestión do talento seguen a ser as bazas fundamentais para o crecemento das grandes corporacións. Segundo, que estamos nun momento no que o

investimento socialmente responsable xa supera os 200.000 millóns de euros en España e os fondos queren que as empresas novas que invisten, asuman prácticas de bo goberno e desenvolvan políticas sociais e sostibles; seguirá medrando, en parte, grazas ao plan de acción sobre finanzas sostibles da Comisión Europea, velaí unha andaina pública tamén por percorrer. E terceiro porque estamos nun momento no que a chamada Age Technology, a industria relacionada cos produtos de última xeración para maiores, espertou o interese dos grandes investidores; velaí outra oportunidade para esta provincia. Un contexto onde os representantes públicos, as cámaras de representación política como esta, teñen, temos, que empregar sempre a humildade e, dende ese prisma, erixirse como un goberno que goberna, que resolve problemas e que garante estabilidade institucional e política. Esa é a dinámica da Deputación de Ourense, a Deputación como panca de cambio do territorio e como punto de encontro da veciñanza; a Deputación, en definitiva, como gran consultora dos concellos. Un territorio, Ourense, a nosa provincia, que ten retos claros nos que levamos tempo traballando e falo, por exemplo, de turismo, un turismo revolucionado polas viaxes á carta, onde o proxecto de destino turístico intelixente, que estamos implementando, marcará un antes e un despois, multiplicado polo efecto das comunicacións cando chegue a Alta Velocidade. Son eses datos que algúns grupos non queren ver, pero que son teimudos e reais; resultado dunha xestión ben deseñada e con froitos positivos, cun horizonte a medio prazo evidente coa celebración do Ano Santo Xacobeo do 2021. Agosto foi o mellor mes en turistas e pernoctacións de toda a historia; Ourense foi a quinta provincia de España que máis medrou con respecto a 2018, segundo a enquisa de ocupación hoteleira, un 10,4%. Ourense é a sexta provincia de interior que tivo maior incremento ao longo deste ano. O verán de 2019 marca un record turístico en Ourense, entre xuño e setembro aloxáronse en hoteis da provincia case 150.000 visitantes. Sen dúbida, nesa estratexia ten moito que ver unha marca como Termatalia, ligada a un eixo de desenvolvemento fulcral para Ourense, o ouro líquido para Ourense, os nosos mananciais, o sector balneario. Velaí os 269 expositores, expertos termiais de medio mundo, achegados á 19 edición de Termatalia. Un sector termal onde o proxecto de lei de augas termiais é tamén unha oportunidade turística. Eses datos que algúns grupos non queren ver, como que Ourense foi a cidade que máis fondos europeos captou en 2017 e a provincia foi a máis beneficiada en investimento por habitante en Galicia: Ourense 17,84€; Lugo 12,76€; A Coruña 6,10€ e Pontevedra 4,66€ (segundo o informe de fiscalización de fondos europeos que fixo público o Consello de Contas). Señoras e señores, permítanme que

fale neste debate sobre os datos recentes socioeconómicos da provincia, extraídos do Observatorio Económico provincial, unha útil e necesaria ferramenta de xestión política, pero tamén de coñecemento da realidade. Indicadores e tendencias, o presente debate sobre o estado da nosa provincia desenvólvese nuns intres nos que a suma de incertezas, tanto no campo internacional como no conxunto do estado español, teñen producido unha situación de desaceleración do ritmo de crecemento das economías global, europea, española e galega. En termos de crecemento económico, os datos dos que dispoñemos - os recollidos polo INE para o ano 2016 - reflicten un crecemento da economía ourensá por riba do 5%, concretamente do 5,03% se o medimos en termos do produto interior bruto provincial e do 5,01% en termos de valor agregado ao valor bruto provincial. Unhas cifras que revelan o seu carácter excepcional, se as comparamos co crecemento para o mesmo período da economía galega que foi do 2,9% e do 3,4% respectivamente; e mesmo da economía española no seu conxunto que se situou no 3,4%. Polo tanto, podemos afirmar que no último período anual para o que temos datos, o crecemento conxunto de bens e servizos producidos pola economía ourensá (unha vez descontados os impostos indirectos e os consumos intermedios) superou en case o dobre aos da economía galega e en algo máis do 50% ao crecemento da economía española. A esta evolución, claramente positiva, das últimas cifras dispoñibles do produto interior bruto e do valor engadido bruto, súmanse tamén evolucións positivas no outro conxunto de indicadores que resultan claves para garantir o benestar dos habitantes da nosa provincia: os datos da ocupación e os datos do desemprego. Empezaremos esta análise polo desemprego ao dar esta institución unha especial relevancia á evolución deses indicadores, tanto pola súa capacidade de reflectir o dinamismo da economía provincial, como pola enorme incidencia que ten a súa evolución positiva no incremento da calidade de vida dos ourensáns que saen desta situación indesexable. O número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego na provincia de Ourense era, ao peche de outubro de 2019, hai uns días, un 5,4% inferior ás do mes de outubro de 2018; sendo a nosa a provincia galega onde máis diminuíu o paro rexistrado en termos interanuais. Cómpre destacar tamén que é unha diminución xeneralizada en todo o territorio provincial, tal e como confirma o dato de que, en termos interanuais e a esa data, o paro rexistrado ten diminuído en todas as comarcas ourensáns. Pola súa banda, a EPA do terceiro trimestre do ano tamén confirmou a boa marcha deste indicador, ao contabilizar 2.100 desempregados menos que fai un ano, o que supón un descenso do 10%; reducíndose desta forma o número de persoas en situación de desemprego ata 16.700, o que sitúa a nosa

taxa de paro en 13,1 puntos (1,1 puntos menos que hai un ano) e convértese na segunda cifra máis baixa dende o ano 2010 e xa moi lonxe dos case 30.000 desempregados de fai tan só cinco anos atrás. Aínda así, a pesar desta evolución positiva, cada unha desas 16.700 persoas desempregadas na nosa provincia supón un recordatorio para todos nós – para o goberno e a para a oposición - da necesidade de crear as condicións que permitan ás nosas empresas manter e incrementar a súa capacidade de creación de valor, nun entorno cada vez máis global e competitivo, señoras deputadas e señores deputados, xunto coa administración autonómica e estatal, da velocidade do noso desenvolvemento. Máis é necesario lembrar que Ourense é máis que os 92 concellos, Ourense son as entidades culturais, sociais, económicas, o empresariado, o emprendemento, o cooperativismo, as PEMES e os autónomos, os creadores, os empregados e os desempregados e a Deputación ten que actuar para todos eles; iso é o que facemos cos plans de mandato, actualmente en execución o Plan Ourense 72-73, quizais por contar cunha visión obrigada de provincia explicitada previamente ate veciñas e veciños co gallo da campaña electoral. Un proxecto político coas cartas boca a riba e a ourensanía por bandeira. Unha Deputación de Ourense, de novo a primeira administración pública de España, en contar cos orzamentos para 2020, aprobados no mes de setembro por este plenario; o que serviu para comparecer na Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia, da que formei parte durante 10 anos na miña etapa parlamentaria, e facer fincapé en asuntos determinantes para o mundo local como o financiamento, tendo en conta que se incumpre o artigo 142 da Constitución, reclamando a participación das deputacións nos tributos da Comunidade Autónoma. Para o grupo de goberno, que represento, a verba máis celebrada é *construír*; somos un goberno de oportunidades, non un partido que basea a súa estratexia nas ameazas. O grupo de goberno que represento cre nas fortalezas do territorio, non somos partidos ou grupos políticos que fagan gala sempre das debilidades e da crítica ao territorio. Nunca sobra facer un chamamento á responsabilidade do goberno, pero tamén á dos grupos da oposición. Seguindo o exemplo dun gran patriota ourensán como Rodolfo Prada, protagonista dun emotivo acto nos Peares neste mes de Ourense, no mes de novembro, Rodolfo Prada seguro que nos pediría (despois de enterralo na nosa terra cando se cumpriron os requisitos que expuxo, cando houbera democracia e autogoberno en Galicia) seguramente que estiveramos atentos aos movementos sociais, ir da man da sociedade; falaremos dos problemas de comunicación no Carballiño e Celanova, ou mesmo, da postura ante o reto demográfico. Ourense é un territorio de oportunidades e as administracións públicas, coa

Deputación á cabeza, estamos chamadas a encaixar as pezas deste apaixonante puzzle; unha provincia máis competitiva coa chegada do AVE, cun sector diferenciado e un motor económico como é o termal, cunha identidade de seu que celebraremos convenientemente en 2020 lembrando o protagonismo da Xeración Nós, focalizado nos camiños de Santiago que percorren a provincia, singularmente a Vía da Prata que atravesa que atravesa 28 concellos ourensáns a participaren desta dinámica, a facer política dende a realidade, nunca baseándose en desinformacións dolosas ou interpretacións sesgadas e, en moitos casos, partidistas. Nin o sesgado, nin o partidista, nin o populista beneficia a Ourense. A Ourense beneficiao contar cun goberno provincial atento a calquera oportunidade para o territorio, como fixemos neste debate sobre o estado da provincia en 2018, hai un ano, formulando publicamente que estabamos preparados para acoller o centro galego de innovación da Formación Profesional, inicialmente previsto para Vigo. Dito e conseguido, será realidade no vindeiro curso académico. Unha medida absolutamente providencial para o futuro da nosa provincia, erixíndonos en referencia, non só de Galicia, senón a nivel nacional e relevante tamén no norte de Portugal. O Centro Eduardo Barreiros que será un gran legado da Deputación para a nosa terra. Señoritas deputadas, señores deputados, grazas polas achegas dos grupos a este debate da provincia, unha provincia que necesita do traballo de todos; pero que precisa sobre todo que creamos nela. Crer en Ourense para crear en Ourense. O goberno provincial ten moito que dicir nesa estratexia, unha filosofía política propia que marca o camiño e lidera o territorio. Este é o goberno do rigor, da xestión, da innovación, da transparencia e da cooperación; o goberno da veciñanza, do territorio e da visión xeral de provincia; grazas aos dous grupos que o conforman polas súas ideas, pola súa forza e polo seu apoio. Remato cunha cuestión fulcral: que ninguén dubide que, dende Ourense, seguiremos defendendo os sinais básicos da identidade galega: unha lingua propia, unha literatura de prestixio e unha cultura popular diferenciada; cuestións todas elas ás que Ourense tanto achegou e seguirá achegando. Moitísimas grazas pola súa atención e bos días.

A continuación, interveñen os portavoces dos grupos políticos presentes e representados na Corporación, nos seguintes termos:

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía:** bos días a todos e a todas que nos acompañades no día de hoxe. Hoy es un día histórico, un día importante para esta institución y para todas las mujeres de Ourense, me siento honrada de ser la primera mujer que sube a este atril. Tengo la gran oportunidad de

explicarles a los vecinos de esta provincia qué puedo ofrecer a esta provincia, explicarles que visión de presente y futuro tiene mi grupo político y en qué nos diferenciamos al resto de grupos. Gracias Ourense por darme la fantástica oportunidad, por darme la valentía necesaria para estar aquí y demostrar lo que valemos. Es el momento de que las mujeres estemos en la primera línea de la vida política, es el momento de que estemos en la primera línea de la batalla. No necesitamos escuderos, no necesitamos Sanchos; somos Quijotes sin bigote, valientes decididas y luchadoras. Hoy represento a miles de mujeres que trabajaron a lo largo de la historia para que yo ocupe esta posición: Rosalía de Castro, María Pita, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Clara Zetkin, Coco Chanel, Clara Campoamor, Rosa Parks, Indira Gandhi y muchísimas más que dedicaron su vida y su ámbito laboral y social para enseñarle al mundo que las mujeres non somos mejores ni peores; las mujeres somos exactamente iguales, con los mismos derechos y con las mismas oportunidades. Gracias a todas ellas por luchar y conseguir el lugar que nos pertenece. Más pronto que tarde, los asientos que tengo a mis espaldas serán ocupados, en mayor o menor medida, por mujeres y me es indiferente el color que representen, lo importante será el progreso, lo importante será la evidencia del gran paso que dará la sociedad y la política a nivel provincial. Hoy os presento 10 propuestas cargadas de contenido y buen hacer, propuestas claras y contundentes para frenar situaciones difíciles que se están produciendo en nuestra provincia. Nuestra primera propuesta está basada en la mejora de la educación de nuestros hijos, contamos con una amplia oferta de recursos culturales, históricos y naturales que forman parte de nuestro patrimonio provincial, debemos fomentar nuestra cultura. Para la mayoría de nuestros niños, nuestra provincia es una gran desconocida; creemos necesario que crezcan y se eduquen conociendo y disfrutando de todo lo que tienen a su alcance porque hará de ellos adultos preparados y conocedores de la provincia y de la riqueza que posee. Por ello proponemos la creación de packs culturales y medioambientales para los centros educativos de toda Galicia para que nos visiten, conozcan nuestra riqueza cultural y disfruten de nuestros recursos medioambientales. En cuanto a esos recursos medioambientales, sabemos que poseemos una gran riqueza natural, pero existen zonas que están abandonadas y totalmente fuera de las prioridades del gobierno. Hablamos de nuestra segunda propuesta, hablamos del maravilloso enclave de As Corcerizas, el grave estado de abandono que ofrece este lugar me parece importante y merece una reflexión, necesita de una urgente y drástica actuación. Un enclave situado en la Sierra de San Mamede, en el ayuntamiento de Villar de Barrio, y por donde

discurre la Vía da Prata, sin duda, debe ser una de nuestras prioridades. Un espacio singular que forma parte del segundo espacio protegido más extenso de Galicia, para ello pedimos al grupo de gobierno la puesta en marcha del proyecto educativo y medioambiental de As Corcerizas. No podemos dejar por el camino ningún punto de nuestra provincia sin gestionar ni coordinar de la manera más exigente y favorable posible. Así, nos encaminamos hacia la tercera propuesta, el camino hacia la Ribeira Sacra. Tenemos la urgente necesidad en nuestra provincia de hacer una apuesta firme por el turismo, concretamente de nuestra Ribeira Sacra, candidata a Patrimonio de la Humanidad 2021. El pasado mes de octubre, el Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra cerró con cifras del 70% de ocupación diaria; pero este dato no puede llevarnos al conformismo, sino a la superación para que la franja de ocupación del 100% pase de ser una utopía a ser una realidad. Tenemos mucho trabajo por delante, necesitamos contar con un equipo de trabajo bien formado y con suficientes conocimientos de gestión de destinos turísticos para anticiparnos, gestionar, innovar y tener la capacidad para la recepción y llegada de millones de visitantes tras la llegada, por fin, del tren de Alta Velocidad. Por ello, vemos urgente y necesario la creación de un área específica de dirección y puesta en valor de la Ribeira Sacra. Nos merecemos un destino turístico de primer nivel, hagámoslo realidad. Hablando de realidades, de sobra es conocido el grave problema de envejecimiento en Orense. En Europa se considera a nuestra provincia como el paradigma del envejecimiento extremo. Evidentemente, tenemos mucho que trabajar en esa área para tratar de revertirla; para ello, tratemos de conjugar ambas cuestiones y pensemos en el envejecimiento, no como un problema, sino que lo veamos como una oportunidad. Ofrezcámosle un proyecto donde puedan compartir sus vidas, su día a día; disfrutando de espacios comunes con otros mayores, pero manteniendo la intimidad e independencia de sus hogares, como alternativa a las residencias tradicionales. Por ello, desde Ciudadanos apostamos por un estudio de viabilidad para poner en marcha un proyecto piloto de *cohousing*, viviendas colaborativas, en nuestras aldeas abandonadas. Entendemos prioritario el sector de la tercera edad y lo vemos como una gran oportunidad y como un referente mundial para este sector. Tenemos los medios, hagámoslo. De oportunidades habla nuestra quinta propuesta, oportunidades a autónomos, a pequeños empresarios que dedican su vida al sector agrícola, ganadero, al campo y su riqueza; sectores emergentes que se encuentran en inicios empresariales, apicultura, agricultura y ganadería sostenible, viticultura, olivicultura y elaiotecnia. Debemos ofrecer el apoyo firme y real desde las instituciones, debemos estar a la

altura y ofrecer ayudas de ámbito económico, burocrático e informativo. Estos sectores representan una gran riqueza y ofrecen numerosas oportunidades, tanto para la creación de empleo, como para la fijación de población en aquellas zonas donde se encuentran estas explotaciones. La creación de una oficina de apoyo e información sería una opción real y palpable, para solucionar de manera inmediata todas las necesidades de estos sectores. La puesta en marcha de ideas empresariales que decidan apostar por el rural, non debe de ser castigada; debe ser premiada. Y hablando de premios y premiados, quiero decir que como políticos estamos obligados a fomentar el deporte con carácter prioritario. En nuestra provincia tenemos el honor de contar con un numeroso y valioso elenco de grandes deportistas, pero no tenemos instalaciones suficientes, ni a la altura de la calidad y la valía que ellos representan. Debemos trabajar para conseguir que Ourense sea un referente en el mundo del deporte, para ello es necesario crear y mejorar nuestros espacios deportivos y optimizar todas las instalaciones existentes. No puede ser un proyecto, tenemos que conseguir que sea una realidad. Debemos construir una ciudad deportiva ejemplar, innovadora y puntera, instando a las administraciones competentes para su implicación en este proyecto. Apostar por el deporte base, es apostar por el futuro de nuestras generaciones. En la propuesta número 7 explicamos la importancia de crear una APP de turismo, nuestra provincia se consolida, cada día más, como una provincia elegida por cientos de turistas como referente turístico, lo cual supone una fuente de ingresos realmente importante que no debemos desperdiciar. Tenemos en nuestra mano la capacidad y la oportunidad de diseñar un plan de turismo de calidad, para seguir atrayendo a visitantes a nuestra provincia. Por ello entendemos que la creación de una APP de turismo, que reúna y concentre la totalidad de nuestros recursos turísticos, es fundamental. Si el servicio ofrecido es bueno, el turista volverá y ese es el eje que debe mover nuestra gestión del sector turístico en Ourense. Tenemos riqueza suficiente, solo tenemos que ponerla en valor y conseguir tener las mejores infraestructuras; infraestructuras en las que, por desgracia, llevamos años siendo los grandes olvidados. Es fundamental que las infraestructuras pendientes de llevar a cabo, y tantas veces anunciadas, terminen de ejecutarse: A-76, A-56, A-52 y AG-53 con Portugal y otras muchas infraestructuras que se necesitan para mejorar las comunicaciones; aquí nace nuestra octava propuesta, puesta en marcha de una comisión de seguimiento de las inversiones estatales en materia de infraestructuras. Hablamos de inversiones clave para nuestra provincia y por ello es imprescindible y urgente que aunemos esfuerzos para demandar y, sobre todo, para

conseguir no solo todo aquello que los ourensanos nos merecemos, sino también para tener aquellas inversiones a las cuales tenemos derecho. En nuestra novena propuesta lo vemos todo blanco y es que en Ourense tenemos la fortuna de contar con la única estación de montaña que hay en Galicia y es un activo turístico que debemos poner en valor y optimizar. Pedimos un plan de viabilidad para la definitiva puesta y reestructuración de la estación de montaña OCA - Manzaneda. Este complejo turístico, en el que ya en los años 80 el Real Madrid pasó veranos disfrutando de este enclave, es mucho más que una estación de esquí; goza de muchas posibilidades. Es necesario replantearse la estrategia y líneas de acción a llevar a cabo para que, definitivamente, despunte y despliegue todo su potencial turístico y económico. Una sociedad se define no solo por lo que crea, sino por lo que se niega a destruir; así llego a la décima propuesta de este Grupo, haciéndonos entender la importancia de cuidar nuestro medioambiente. Hay una frase manida en cuestiones medioambientales que dice: *la naturaleza no necesita a la gente, la gente necesita a la naturaleza*, pero es mucho más que una cita, encierra un pensamiento y una realidad, aquella que nos obliga a tomarnos en serio la calidad de nuestras aguas, la limpieza de nuestros ríos y la calidad de nuestro aire; en definitiva, a trabajar en favor de la sostenibilidad, innovando y creando espacios libres de contaminación. Por ello, pedimos la creación de una comisión de seguimiento, de carácter anual, de la calidad de nuestras aguas, de la limpieza de nuestros ríos y de la calidad de nuestro aire; en definitiva, del control de la contaminación de todas estas áreas. A la espera de que todas estas propuestas sean aceptadas por el grupo de gobierno provincial, matizo que todas y cada una de ellas son necesarias e imprescindibles para el futuro de nuestra provincia. Ciudadanos considera que aunar esfuerzos y trabajar conjuntamente para avanzar y prosperar por y para Ourense no debe ser un rédito partidista; sino un objetivo que todos los partidos políticos que conformamos esta Corporación debemos alcanzar juntos, siempre mirando por el bienestar de todos nuestros vecinos, sin mirar el color, sin mirar la etiqueta. Debemos y tenemos que creernos el potencial que existe, la riqueza que nos envuelve y los miles de kilómetros que nos aportan historia, cultura, naturaleza, gastronomía y arquitectura. Empecemos hoy a construir el futuro de nuestros hijos, el futuro de nuestra tierra, que nos vio nacer, y a la que debemos lo que hoy somos. Gracias, Ourense.

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG:** moi bos días a todas e a todos. A verdade é que despois de escoitar ao señor presidente, preguntábame que viñamos facer aquí porque indo á provincia a mellor, non fai falta este debate, xa está todo perfectamente

encamiñado. Despois, tamén, deberíase de expor se, en verdade, ten sentido este debate, posto que acabamos de ter un pleno de orzamentos e, certamente, é o pleno dos orzamentos – así o consideramos o BNG - o máis importante para o futuro da provincia, posto que aí é onde se determina a qué van ir os fondos e as políticas para o ano que vén. Con todo, o BNG está aquí por responsabilidade e, efectivamente, porque consideramos que hai moitísimo por facer nesta provincia. A pesares dos datos que nos trasladaba o señor presidente ao principio do debate, evidentemente os papeis teiman do que lle poñen e poden ser datos certos, non o discuto en absoluto, o que pasa é que os datos dependen dende que óptica se tomen. A nosa óptica é bastante crítica e vou a trasladar o porqué, non vou a dalos todos porque sería algo repetitivo; pero si que é certo, dicía vostede, que os datos eran teimudos, si, son certamente teimudos. Estamos nunha provincia que se atopa, desgraciadamente, e dígoo con pesar, nun estado absolutamente comatoso, cunha baixada poboacional superior aos 21.000 habitantes (3.500 por ano no período 2012 a 2019 que é o mandato que leva tido o actual presidente), se nos vamos á totalidade, dende o 1980, dende que empezou a gobernar o Partido Popular como tal, serían 120.000 habitantes menos. Estamos a falar practicamente dun 30% menos de poboación en 30 anos de goberno ininterrompido do PP. Estamos falando de 315 núcleos desta provincia sen habitantes, de datos que Cáritas nos ofrece que din que esta provincia é unha das dúas de todo o estado español con maior poboación en risco de exclusión social e en índice de pobreza. Eses son datos reais, supoño que Cáritas non será sospeitosa de ser un elemento fáctico do Bloque Nacionalista Galego. Unha provincia que ostenta a dubidosa honra de ter 32 dos seus concellos nos últimos postos a nivel galego de ratio por persoas cotizantes fronte á xubilados; si, os 32 últimos, non hai ningún por aí que se nos meta de Lugo, de Coruña ou de Pontevedra, non os deixamos, acaparamos, somos así. Falaba vostede dos datos de paro e eu non vou a discutir que nos últimos anos teñamos tido algúns parados menos; en outubro 1.609 novos parados, tamén llo podo indicar. E 35.000 mozos e mozas que nos últimos anos teñen emigrado desta provincia. O problema é cando nos vamos aos datos de cotizantes, son bastantes máis sangrantes, 586 menos cotizantes en outubro. É verdade que baixamos os datos do paro, pero ao final os datos do paro hai moitas formas de baixalos, báixanse porque hai persoas traballando (pode ser unha parte, aínda que en moitos casos cun traballo en precario), pero en boa medidas eses datos do paro nesta provincia baixan porque as persoas se xubilan, morren ou marchan. Sinceramente, iso é algo que deberíamos valorar nas súas circunstancias. Nacementos, saía estes días unha nova nun diario provincial que creo que

tamén é absolutamente demoledora: nos 10 primeiros meses de 2017 había 1.606 nacementos; nos 10 primeiros meses de 2018, 1.422; nos 10 primeiros meses de 2019, 1.177 partos. Estamos a falar de 220 menos que en 2018, estamos a falar dunha redución, nun ano, do 20% e ese é un dato absolutamente real, contrastable. Non podemos dicir que a provincia vai ben. Falaba vostede do turismo, está ben que o turismo suba, proveño dun concello onde o turismo é un factor fundamental de desenvolvemento, pero do total que vostede falaba, no concello de Allariz pódolle indicar que máis de 35.000 persoas (non grazas ao respaldo da Deputación, tamén o teño que indicar aquí) pasaron pola oficina de turismo municipal; pense vostede na porcentaxe que significa a nivel provincial. E todo iso sen APP's, ogallá tiveramos diñeiro para investir en APP'S, pero non fai falta. Temos unha provincia moi rica, claro que si; temos unha provincia cuns elementos de desenvolvemento cun potencial impresionante a nivel patrimonial, etnográfico, a nivel medioambiental, a todos os niveis, posiblemente a maior riqueza que teñamos sexan os ourensáns e as ourensás, pero a todo iso hai que poñerlle medios e colaborar para que se desenvolva. Nalgún sitio temos demostrado que se pode facer. Noutra banda, unha das propostas que traemos é volver sobre o mesmo, xa sei que me vai dicir o compañeiro do Partido Popular que damos a chanca co mesmo, que lle vamos a facer!, é que parece de xustiza que os fondos que a Deputación destina aos concellos desta provincia, se establezan criterios de proporcionalidade e claros porque senón, xa digo, algún desenvolvémonos grazas ao que conseguimos sacar de nós mesmos. Ogallá sexamos capaces de chegar a un acordo entre todos os grupos para esa achega equilibrada a todos os concellos da nosa provincia, porque, desgraciadamente, o saldo de nacementos e mortes do ano pasado foi de -3.251 habitantes e esta fin de semana había 2.000 votantes menos nesta provincia, dende abril ata estas eleccións desta fin de semana. 2.000 habitantes menos! Señor Plácido, non hai tantos habitantes no seu concello; ou sexa, desapareceron nesta provincia máis habitantes que un concello como Muíños. Sinceramente, eu creo que son datos alarmantes e que nos deberían de facer reflexionar. Vexo con preocupación, porque eu creo que é así, que hai que estar preocupados cando, por exemplo, unha das propostas do Partido Popular (das que falaremos seguro despois) para que todos estes datos revertan, é a transmisión das xuntas de goberno da Deputación. Se non fora porque o escriben, case sería para tomalo a coña. Sinceramente cren que esa é unha medida para revertir esta situación de emerxencia que temos na provincia de Ourense? Por certo, aí poderíamos falar do que está pasando estes días, que considero deberíamos ter unha comisión de investigación, ou cando menos informativa,

do que está a pasar porque, a verdade, o que estamos lendo en prensa é preocupante. Eu hoxe intentei acceder á páxina web da Deputación e seguía sen poder acceder cinco días despois. Estamos falando da provincia intelixente, estamos falando da provincia onde o orzamento, se non me trabuco e creo que non, para esa provincia intelixente, para a administración electrónica íase a máis de 2 millóns de euros. Pódenos pasar a calquera, os hackers están aí e o mundo da tecnoloxía é complicado, pero eu creo que deberíamos ter unhas explicacións máis competentes porque o que levo observado estes días é que detiveron a un señor en Canarias e que o soltaron sen nin sequera poñerlle unha fianza. A verdade é que é unha cousa estraña. Eu creo que deberían trasladarnos algún tipo de información porque isto é preocupante que nos pase na provincia intelixente. Nós traemos unha serie de propostas, humildemente, porque os 10.000 empregos perdidos en pequeno comercio nos 10 últimos anos preocupánnos; porque os 2.000 autónomos menos que xestionaban comercios na capitalidade preocupánnos; porque cremos que hai que tomar medidas reais para poñer esta provincia en valor. Para iso, humildemente propoñemos 10 propostas de resolución. A primeira, establecer, con carácter inmediato, unha mesa de diálogo onde estean representados os grupos políticos desta Deputación Provincial e os concellos da provincia, aos que nos debemos, e na que se estude un novo modelo de reparto, con criterios obxectivos, dos fondos da Deputación destinados á cooperación municipal; establecendo un mínimo do 25% do orzamento provincial (recordar que hai provincias, como A Coruña, onde é o 50%) co que contribuiremos ao obxectivo fundamental da Deputación que, cabe recordar, é colaborar cos concellos da provincia no seu sostemento e prestar colaboración técnica e económica para que podan actuar a prol da cidadanía e este plan debería ser inmediato. Un plan da rede viaria municipal e provincial, vexo tamén con asombro que vostedes propoñen que sexan os construtores os que xestionen tecnicamente a rede viaria provincial -é unha das propostas que veñen aquí-; nós o que propoñemos é que sexan os técnicos da Deputación Provincial, consideramos que debe haber técnicos competentes nesta deputación e, polo tanto, deben ser eles os que fagan un plan estratéxico de como se teñen que conservar e que novas infraestruturas habería que acometer dende a Deputación Provincial. Integrar un novo marco de xestión dos residuos sólidos urbanos, establecendo axudas para todos aqueles concellos que, dentro do marco de xestión dos residuos, ou fóra del, incorporen sistemas que permitan uns mellores sistemas de separación e recuperación, especialmente no que afecta á materia orgánica, tal e como marca a estratexia Horizonte 2020 da Unión Europea. Xa que nos gusta

ser tan innovadores a nivel europeo, sexámolo nun apartado tan importante como é a xestión dos residuos. Establecer marcos de cooperación económicos e técnicos cos GDR (Grupos de Desenvolvemento Local), así como cos órganos de xestión da reserva da biosfera, existentes na provincia que lles permitan implementar fórmulas de traballo cara á sostibilidade. Os GDR son uns elementos fundamentais de actuación e, desgraciadamente, están cuns recursos económicos moi cativos e, polo tanto, creo que a Deputación Provincial ten a responsabilidade de colaborar con estes elementos de desenvolvemento próximos aos emprendedores da nosa provincia. Que a Deputación promova proxectos abertos a todas as corporacións locais da provincia para a solicitude como beneficiarios das distintas ordes de axudas da Unión Europea; permitindo que os concellos con menos de 20.000 habitantes poidan optar a estas e actuando a Deputación como líder destas peticións, ao tempo que permita a todos os interesados a participación dos mesmos. Digo isto porque eu proveño dun concello como Allariz, onde nos últimos anos temos colaborado coa Deputación de León e, sen embargo, non temos colaborado coa Deputación de Ourense porque en ningún momento se nos ten feito unha oferta de colaboración. Polo tanto, gustaríanos que, cando haxa estas posibles axudas europeas, todos os concellos teñamos opción a participar nelas; non soamente algúns. Recuperación da xestión pública do Consorcio Provincial contra Incendios, iso xa o comentamos no anterior Pleno. Colaborar e esixir do Concello de Ourense e a Xunta de Galicia a posta en marcha dun sistema de transporte público integrado que permita acceder, dun xeito sostible, á veciñanza do resto dos servizos. Chegará o AVE, se chega, pero o importante é tamén vertebrar a provincia a través de trens de cercanías, así como eliminar a clara discriminación que ten Ourense nos prezos do Avant. Establecer liñas de axudas directas para os concellos que podan desenvolver mercados de proximidade, quilómetro 0, permitindo con isto axudar ás economías locais e á posta en valor do medio rural, promovendo a recuperación de superficies abandonadas. Reclamar á Xunta de Galicia e ao Estado que doten orzamentariamente todas aquelas competencias que teñan descargado nos últimos anos dos concellos; así como aquelas exencións, por exemplo as do IVTM, para persoas con discapacidade que o Estado aplicou, pero en ningún momento chegou a compensar aos concellos da provincia. Instar á Xunta de Galicia a dotar aos servizos sanitarios de atención primaria dos medios humanos e materiais mínimos e indispensables para dar unha atención de calidade, mediante a súa coordinación; ao tempo que se reclama que a atención sanitaria na provincia sexa cuberta e se dote de persoal tal e como están reclamando continuamente os

profesionais deste sector. En resumo, son unhas medidas que eu creo que son respaldables por todos, o problema vai ser despois a translación real de moitas delas. Pero eu creo que hai que apostar pola provincia, claro que si, e o que me gustaría é que non sexamos triunfalistas, senón que sexamos realistas e que poñamos en valor o que si que temos e que sexamos capaces de colaborar entre todos para que esta provincia deixe de ser a zona de experimentación de políticas para a terceira idade, deixe de ser a zona de experimentación de políticas para o abandono do rural e que sexamos máis ben todo o contrario, aquel lugar onde moita xente que tivo que marchar, queira volver a vivir e a traballar. Moitas grazas.

**D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** señor presidente e señoras e señores deputados. Fai un ano, o voceiro de Democracia Ourensana que me precedeu no cargo defendía a inutilidade deste debate e pregaba que fose retirado, xa que só servía (segundo dicía) para gloria do señor presidente ao que lle dedicaba todo tipo de descualificativos, ás veces certamente duros. Falaba de crise demográfica, denunciaba a falla de investimentos coa finalidade de acadar a débeda cero, criticaba o discurso do señor Baltar contando as excelencias da nosa provincia; mentres (insisto, segundo dicía) se esquecía de que Ourense era a derradeira provincia de España, segundo distintos indicadores económicos. Falaba da castaña, da lousa, dos fondos DUSI que non se acadaron, entre outras cuestións. Un discurso duro, moi duro, de Gonzalo Pérez Jácome, hoxe alcalde de Ourense, que, en definitiva, tachou este debate de pura pantomima. Na campaña electoral do pasado mes de maio, Jácome, falaba dos 30 anos de baltarismo en Ourense, proclamando que a democracia ten que ser esa realidade que os poña no seu sitio. O ideario utópico de Democracia Ourense, converter Ourense na illa perfecta, no político, no social e no legal descrita por Tomás Moro no 1516. Houbo un tempo no que o ideario utópico de Democracia Ourensana seguía as ensinanzas do filósofo Rudolf Steiner, en canto que dicía que as utopías parten da experiencia histórica, máis é para declararse en aberta oposición a ela. Neste novo mandato Democracia Ourensana segue a ter dous deputados provinciais, mais hoxe, un séntase ao carón do presidente, o mesmo presidente abertamente criticado nun pasado non afastado, exercendo de vicepresidente e formando parte do goberno desta institución e outro, outro deputado novo nestas lides, exerce de voceiro do grupo dende unha cadeira sita ao lado da bancada popular. Entón, que mudou? Que pasou? Que foi da utopía? Platón, na *República*, díxonos que os proxectos ideais, baseados no racionalismo extremo, non conciben determinados casos como hipotéticos, ou posibles, no seo da súa organización.

Por elo, a utopía ten o risco de converterse, ao longo do prazo, nun réxime opresor que, independentemente do ideal de xustiza, non acadará a verdadeira optimización das capacidades de desenvolvemento dos seres humanos. A utopía é o antídoto do inmovilismo e do conservadorismo; pero a verdadeira utopía non consiste en acadar o imposible, senón en loitar por acadar o posible. No camiño desta utopía precísase fortaleza, seguridade, valentía, coraxe. Precisamente tomar decisións difíciles, críticas e criticables e fixar o destino sen distraccións, sabendo dos paus que se han de recibir. Como ben dicía Winston Churchill: *nunca chegarás ao final dunha viaxe, se te detés a tirar pedras a cada can que te ladre*. Logo de 18 anos mellorando resultados, o pasado 16 de maio Democracia Ourensana non subiu, non logramos mellorar resultados nin acadamos a maioría necesaria para converter a nosa utopía en realidade. O camiño seguido, pois, xa non valía, ou seguíamos a facer unha oposición dura, irreverente, agresiva que non foi premiada nas urnas, pospoñendo as nosas propostas ou iniciativas para un futuro máis incerto, convertendo posiblemente o posible en imposible; ou dabamos o paso de tratar de mudar as cousas dende dentro, na procura de mudar en posible o que semellaba imposible. E algo si que mudou, non quedaba outra que negociar. E negociamos. A negociación foi satisfactoria con quen soubo negociar e convertela en satisfactoria. Os primeiros sorprendidos fomos nós mesmos, cando acadabamos un acordo doado, natural e lóxico, coherente co discurso historicista da sempiterna oposición nesta casa; atopamos coa realidade perfectamente descrita polo politólogo Luís Salceda nun artigo publicado o 18 de xuño pasado en <https://codigopublico.com/> (cando menos, ata onte, en España no había cultura de pacto político), comeza o artigo afirmando que na política española, por non pactar, nin se pacta con compañeiros de partido. Sostén Luís Salceda, e aí concordo plenamente con el neste artigo, que tanto as pasadas eleccións xerais, celebradas o pasado mes de abril, como nas autonómicas e municipais, celebradas no mes de maio, arroxaron resultados que obrigaron aos partidos a sentarse na mesma mesa e pactar para conformar gobernos estables, con acordos máis programáticos que ideolóxicos. Chegou a hora de deixarnos de altisonantes declaracións das campañas electorais e ceder, entenderse e gobernar. Iso foi o que fixemos, o que fixemos co presidente Baltar, sentámonos, falamos, cedemos, entendémonos e procuramos a gobernanza do Concello de Ourense e desta Deputación. Algo que non fomos quen de acadar co Partido Socialista, co que nos sentamos e falamos, pero non acadamos nin cesións, nin entendemento. Ao final, lendo á análise do politólogo Luís Salceda, a situación faise máis comprensible porque non foi Ourense unha

excepción xeral. Decía Luís Salceda neste artigo: *o Partido Popular é o máis beneficiario, soubo trazar unha liña estratéxica para pactar e empequenecer aos seus contrincantes e facerse con boa parte do poder municipal que os cidadáns lle quitaron nas urnas; conseguiu gobernar grandes cidades e moitas capitais de provincia, obtendo o mesmo ou máis poder que o PSOE.* E que hai do pasado? Como é posible a reconciliación Baltar-Jácome? De novo faise obrigada a cita de Winston Churchill cando dicía: *se comezamos unha discusión entre o pasado e o presente, descubriremos que temos perdido o futuro.* Por iso, o Partido Socialista equivocouse, equivocouse na negociación e equivócase agora cando artella a presentación das súas mocións en busca das contradicións de Democracia Ourenzana; ao confrontar o noso pasado co noso presente, o que está demostrando é a súa falta de futuro. Equivócase cando non considera que a folla de ruta de Democracia Ourenzana mudou. Equivócase cando se esquece que existe un pacto de goberno, mal que lle pese. Equivócase cando non ten en conta que agora hai outro voceiro de Democracia Ourenzana con outro estilo e con outra forma de ver as cousas. Recibimos críticas moi duras, o noso pacto foi cualificado como o pacto da vergoña por parte de aqueles que pretendían que lles apoiásemos sen nada a cambio; só co argumento dunha pretendida superioridade moral para expulsar ao presidente Baltar da Deputación. Eu mesmo escribín, por aqueles días, as seguintes reflexións dende a carraxe que me producían certas manifestacións; dicía: *Jácome e Democracia Ourenzana non vimos premiado o noso traballo, perdemos votos e concelleiros.* Tampouco se recoñece, agora, a nosa contribución, maior ou menor, a que o presidente Baltar tivera perdido a maioría absoluta na Deputación. O PSOE pretende capitalizar, no seu beneficio político, todo o esforzo e valentía política de Jácome durante os derradeiros anos, sen importarlle Baltar e a provincia. Jácome e Democracia Ourenzana estabamos fartos de predicar no deserto. Se a xente non quixo botar ao señor Baltar, un porque os votos non semellan indicar o contrario (xa que só 800 papeletas o separou da maioría absoluta) e dous porque a forza política que tiña, por resultado electoral, nove deputados provinciais, que encabezaron unha coalición a tal fin, no o considerou prioritario, xa que priorizou na negociación a alcaldía no concello de Ourense capital, non ía ser o noso partido o que estivera disposto a facelo, sacrificándonos de novo. Manuel Baltar soubo entender perfectamente a nosa posición e nós a súa; soubo establecer as prioridades, forxar os equilibrios, foi quen de tratar a Democracia Ourenzana e ao seu líder co respecto e dignidade que, a ben seguro, e non me custa recoñecelo, ao noso partido e ao seu líder lle faltou en ocasións cara el. Lembro perfectamente as verbas de

Gonzalo Jácome cando me contou como transcorrera o primeiro encontro negociador entre ambos, díxome: *foi tan educado, amable e próximo que ata me sentín mal por todo o que lle tivera dito no pasado*. O conseguente acordo lóxico non puido ter sido outro, tan consecuente como o feito de que para o PSOE non era prioritario mudar na Deputación nada. En termos abstractos non é correcto a quen, por non estar presente, non se pode defender; pero, neste caso, a súa ausencia neste plenario é absolutamente voluntaria, sendo froito dunha decisión que para min supón desprezo cara a esta institución e por elo non quero dar por boa esa decisión, que critico, omitindo calquera crítica ou cita aos ausentes, xa que doutra maneira acadarían o seu obxectivo que é que non se fale deles. A decisión é por isto errónea, eu penso que unha decisión errónea máis das que recentemente adoita tomar o Grupo Socialista, sen calibrar as súas consecuencias. Falar disto tamén é falar do estado da provincia, pois é falar dos operadores políticos da provincia, é falar que teñen a responsabilidade de traballar polo desenvolvemento demográfico, social, económico e cultural de Ourense provincia. Cando falamos dos problemas e busca de solucións da provincia, tamén temos que falar dos comportamentos políticos, dos comportamentos políticos de todos os grupos sen excepción, dos comportamentos dos/as 25 deputados/as desta corporación provincial. Máis alá de discrepancias políticas ou de diferentes puntos de vista sobre as cousas, o debate debe ser centrado, honesto, sen máis teoloxía que os problemas da provincia, eliminando deste a mera estratexia política, a promoción persoal, o desgaste do rival, o posturo. Os debates non teñen nin gañadores, nin perdedores; quen gaña ou perde, a resultados do que aquí fagamos, son as veciñas e os veciños dos 92 concellos da provincia. Hoxe, eu quería falar disto, porque dá sentido e utilidade a este debate. Falemos de nós, das nosas capacidades para transformar Ourense, das nosas capacidades para arranxar os problemas de Ourense, dos nosos verdadeiros compromisos con Ourense; non dos intereses partidistas. Por iso non traemos propostas concretas a este debate, no pasado sostínhamos que non se pode debater tal cantidade de propostas nun só Pleno (ata 40 no mandato anterior e poderían chagar a 50 no presente); iso non mudou, seguimos pensando que temos tempo de abondo ao longo do mandato para debater en profundidade cantas propostas podan achegar os distintos grupos. O que si mudou é a nosa percepción da utilidade do debate. O uso da palabra no só é sempre útil, senón tamén necesaria. Quen teme o uso da palabra, agocha a súa debilidades. No pasado nós criticamos este mesmo debate, pero acudimos a el a expoñer a nosa opinión e a debater. Hoxe o Grupo Socialista agocha a súa crítica a este debate non acudindo; o que na miña opinión é a

escenificación dunha fuxida, dunha fuxida por medo, por debilidade, por incapacidade para achegar algo positivo, por incapacidade para dar unha razoada explicación ao seu fracaso negociador. O máis cómodo e sinxelo é non vir, dar a espantada e as costas a esta institución; a pesar diso, e de que esta institución lle fai unha achega económica para poder levar a cabo o seu traballo, gastan os cartos en contratar valos publicitarios para atacar aos seus rivais políticos; en lugar de vir a este lugar de palabra a expoñer a súa argumentación. Logo, trasladan o debate ás redes sociais, ás que se lles pode aplicar outra clásica cita de Winston Churchill: *onde hai un grande marxe para a expresión, sempre hai certa cantidade de opinión estúpida*. Non o digo eu, díxoo Winston Churchill. A utilidade deste debate está, como xa dixen, en centrar a nosa actitude; ou sexa, o que poderíamos chamar o debate do estado dos políticos. E como comecei acudindo á filosofía quero acabar con ela a intervención, a filosofía non nos fai mellores persoas, pero proporcionáanos ferramentas para analizar as nosas decisións. O periodista Jaime Rubio Hancock publicaba un artigo no diario *El País*, o pasado 21 de outubro do 18, baixo o título *Seis leccións de filosofía que os políticos tiñan que ter aprendido* (voulle cambiar o título: Seis leccións de filosofía que os políticos temos que ter aprendido): primeira, debater de forma racional; segunda, recoñecer os nosos erros; terceira, non coller sobres; cuarta, defendernos das mentiras; quinto, diferenciar entre a aparencia e a substancia e a sexta, lembrar que moitos problemas que semellan novos, en realidade son moi antigos. Tal e como nos lembra o mesmo autor no artigo, Trasímaco nun discurso ante a Asemblea ateniense, durante a derradeira etapa da guerra do Peloponeso, aconsellou aos políticos que evitaran as guerras partidistas, para que a cidade non se afundira. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** presidente, deputadas, deputados, autoridades e público presente e todas aquelas persoas que nos están a seguir a través da transmisión en directo por internet. Bo día a todas e a todos. Por quinto ano consecutivo, dámonos cita neste salón de plenos para debater e presentar iniciativas en áreas estratéxicas para o futuro da nosa provincia e para mellorar a calidade de vida dos ourensáns. Unha convocatoria pioneira en España, teño que dicilo unha vez máis, grazas á iniciativa do presidente da Deputación Manuel Baltar. Un presidente que, dende a súa firme convicción da defensa dos territorios locais, entendeu que se se pode debater do estado da nación ou das autonomías; como non, tamén se pode debater (ademais é necesario) sobre o estado da nosa provincia. Un debate, o de hoxe, que case vén a abrir un novo mandato provincial iniciado en

xuño tras as eleccións locais onde só había un candidato recoñecido –hai que recordalo de novo- e, sobre todo, o único plan de goberno: o de Manuel Baltar. Un candidato, hoxe presidente, que iniciou unha nova etapa na política desta institución cun pacto de goberno cos representantes provinciais de Democracia Ourensana, co que formamos un goberno único, e digo goberno único, non bi-gobernos ou cousas parecidas e no que están a demostrar -e llo quero recoñecer publicamente- a súa máis absoluta disposición á colaboración, o que vén a redundar en beneficio da actividade desta Deputación e tamén, hai que dicilo, do Concello de Ourense. Un goberno cun plan de mandato, o Ourense 72-73, xa repetido aquí polo noso presidente, sobre o que van xirar moitas das propostas que hoxe escoitaremos aquí; curiosamente, tamén teño que dicilo, algunhas delas incluídas nas propostas dos dous grupos da oposición e digo ben, dos dous grupos da oposición, porque un non tivo a ben estar aquí. A verdade é que son moitos os asuntos a tratar, como para perder tempo noutras cuestións, pero lamentablemente debo referirme ao baleiros dos nove escanos que teño á miña esquerda, os do Grupo Socialista que decidiron non participar neste Pleno. Un grupo pertencente a un partido que se autoproclama progresista e campión do diálogo, pero coa súa actitude hoxe estase a retratar diante de todos os ourensáns; demostrando o pouco que lle interesa esta provincia, máis aló dos intereses estritamente partidistas, niso ten un gran mestre: o señor Sánchez. Un grupo, bueno, máis ben unha persoa, o seu portavoz -porque me consta que hai opinións diferentes e discrepantes no propio grupo- que cualifica como inútil este tipo de plenos; pero que se permite o luxo de anunciar que fará a súa valoración, contradicindo así seu propio criterio. Se ben, parte desta valoración, como xa todos saben, xa a fixo o día de onte cunha clara parafernalia: parece ser que o que máis lle interesa ao Grupo Socialista e ao seu voceiro é a parafernalia mediática e pouco e case nada os intereses da provincia. En todo caso, unha ausencia anunciada con anterioridade, se non ben poderíamos pensar que se trata dunha incomparecencia motivada polos resultados deste pasado domingo no conxunto desta provincia e tamén en Galicia. Señor Rodríguez Villarino, ausente (porque é máis probable que nos estea a ver), hoxe vai quedar vostede en evidencia cando lle recorde o que si fixo o seu partido no pasado debate do estado da provincia e a utilidade destes plenos. Mire vostede, das 22 propostas aprobadas o pasado ano, 9 foron presentadas polos anteriores representantes do Grupo Socialista; desas 9, 6 forman parte do plan de mandato 72-73 e algunha dela xa está cumprida, por exemplo, a rede concellos termais constituída a finais de agosto. A relacionada coa dinamización económica empresarial xa deu os seus primeiros pasos o pasado día 7 co

compromiso da Xunta de Galicia de facilitar solo empresarial para financiar unha zona franca en Ourense, cedendo 420.000vm<sup>2</sup> da Tecnópole ao polígono de San Cibrao para agrupar toda a superficie empresarial. A referida a unha enquisa sobre a calidade dos servizos públicos locais está xa publicada na web da Deputación. A que presentan sobre a implantación dun parque empresarial do sector agroalimentario está en fase de estudo moi avanzado. Das trece iniciativas restantes aprobadas no pasado debate, 10 corresponderon ao Grupo Popular e 8 delas están incorporadas ao citado plan de mandato 72-73. Outra, sobre a enerxía e sustentabilidade, xa está en marcha coa adquisición de vehículos eléctricos por parte desta Deputación, instalación de puntos de carga e cambios importantes de iluminación á tecnoloxía led. A décima proposta, sobre medio ambiente e residuos, deu xa os seus primeiros pasos coa renovación dos colectores e a mimetización e embelecemento das zonas virá a posteriori. As últimas tres iniciativas corresponden ao BNG e teñen como centro un carácter de complexidade, por incluír ao sector privado, señor Varela, e cito un exemplo, unha das propostas que aprobamos no seu día foi a chamada “campana da horta ao mercado” ou a necesaria negociación con ata catro niveis de administración como é o caso do traspaso das vías provinciais. Debo dicir, en todo caso, que está creado un grupo de traballo entre o Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial, os concellos e a Dirección Xeral de tráfico co fin de avaliar a entrega de vías interurbanas aos concellos; pero repito, a súa complexidade fai que isto vaia con certa lentitude. Ou tamén a inclusión de cláusulas sociais nos contratos administrativos que subscriba a Deputación, o que depende, como sabe, directamente do disposto na Lei de contratos do sector público; de aí tamén a súa complexidade de aplicar na práctica estas medidas. Señor Varela, teña por seguro que todas estas iniciativas están en curso, pero tamén se viron afectadas pola paralización administrativa que supuxeron os procesos electorais de abril e maio e agora en novembro; esperemos que veña certa tranquilidade e que o señor Sánchez empece a durmir tranquilo. Xa ve, señor Rodríguez Villarino (que seguro que me está escoitando), alá onde se atope agora mesmo, que inútiles son estes plenos, unha mágoa; pero a auténtica pantomima é a que vostede está a facer neste momento. Non vou a gastar máis tempo falando dos ausentes, non debo facelo. Grazas, iso si, ao resto dos representantes dos grupos políticos presentes neste plenario polas súas achegas e permítanme que felicite ao señor Caride polo seu discurso sincero, cheo de contido e de realismo. Falando de nós, o Grupo provincial popular, como non podería ser doutro xeito, vén de presentar dez propostas que derivan directamente do xa mencionado plan Ourense 72-73.

Unhas iniciativas coas que pretendemos impulsar o desenvolvemento das propostas incluídas no programa de goberno; comprometéndonos, clara e decididamente, á súa posta en marcha. Falamos de cuestións de gran importancia para a nosa provincia e ás que brevemente me vou a referir, dada a limitación de tempo que nos impón o formato deste pleno. As propostas, resumidas, son as seguintes. No ámbito da cultura e da cooperación, a posta en marcha dunha rede provincial de museos, analizando a singularidade de cada un dos museos existentes na provincia e deseñando un plan conxunto de actuación. Sobre infraestruturas, a posta en marcha, da man da Asociación de Construtores de Ourense, señor Varela, do proxecto *Xeoestradas* sobre as infraestruturas viarias da nosa provincia; unha ferramenta de participación cidadá para mellorar a situación das rede viaria provincial que permitirá obter estatísticas, buscando sempre a prestación do mellor servizo público. No apartado do turismo, executar o programa “Ourense destino turístico intelixente”, avanzando na vangarda do turismo á carta; tendo en conta o extraordinario potencial da nosa provincia, un aspecto que a Deputación ten que abordar de xeito preferente, e así o temos claro, para posicionar a Ourense e dar visibilidade ás comarcas do turismo interior. En igualdade, queremos dedicar, como non, espazos de titularidade provincial para reivindicar a posta en marcha de políticas de igualdade e a loita contra a violencia de xénero. No capítulo de transparencia e goberno aberto, propomos retransmitir as xuntas de goberno, como xa se está a facer cos Plenos, as comisións informativas e as aperturas de plicas; compartindo cos cidadáns o contido dos órganos de goberno, e esta medida, señor Varela, non impide tomar calquera outra. En identidade, pretendemos organizar en colaboración coa Xunta de Galicia o Congreso Internacional da Cultura Galega e a exposición sobre a Xeración Nós. No centenario da publicación do primeiro número da revista *Nós*, a Deputación fará, no 2020, un esforzo especial para reivindicar unha xeración proverbial no pensamento galeguista, poñendo en valor a cultura galega no contexto internacional. Na área de emprendemento, seguiremos apostando polo Plan EmprendOu con fondos comunitarios e facilitando o asociacionismo para que sirva de panca para novas empresas. Aproveitaremos, ademais, como non, as experiencias de éxito derivadas dos plans e programas postos en marcha coa Escola de organización industrial do Goberno de España. En termalismo, poremos en marcha o proxecto do futuro Gran Hotel Balneario na cidade de Ourense, que ofrecerá unha gran referencia a nivel nacional e tamén internacional dignas da capital do territorio con maior potencial termal de Europa. No sector empresarial apoiaremos dende o INORDE, en colaboración coa Xunta de

Galicia, a segregación de 420.000m<sup>2</sup> do Parque Tecnolóxico de Galicia para incorporalos ao parque empresarial de San Cibrao das Viñas, unha iniciativa que xa deu, o primeiro paso o pasado día 7 co aval do presidente da Xunta de Galicia. Por último, e remato xa señor presidente, en materia de medio rural, consolidaremos o Observatorio Internacional do Medio Rural, en colaboración coa Universidade de Vigo, convertendo a Ourense nun referente nas políticas de vangarda coa vista posta no reto demográfico. Moitas grazas.

Rematadas as intervencións desta primeira quenda, procédese a suspender o desenvolvemento da sesión, para a negociación de posibles acordos entre os grupos en relación coas propostas de resolución.

Rematada a negociación entre os grupos, continúa a sesión coa quenda de dúplica do Sr. Presidente, que intervén nos seguintes termos:

**O Sr. Presidente:** moi bos días de novo. Nesta quenda de intervención, neste segundo momento do pleno no que teño o uso da palabra, o primeiro que quero facer é agradecer a responsabilidade, o ton e as achegas dos catro grupos presentes; permítanme que o faga, especialmente, ao grupo de Cidadáns e ao grupo do BNG por facer o que é normal, por estar, ser, falar, escoitar e representar, máxime cando me consta que o voceiro ausente, do grupo ausente, intentou que seguiran tamén o seu exemplo e que non viñeran a este pleno e, polo que se ve, tivo o mesmo éxito que cando intentou formar goberno tanto no Concello, como na Deputación. Está claro que o pacto, o consenso e o diálogo non é o seu. Hoxe, ademais, o voceiro ausente, do grupo ausente, emendoulle a plana ao seu propio grupo non acudindo, porque si o fixera, como debe facer sempre un grupo, máxime un partido como o socialista, un grupo de goberno, nas ocasións anteriores. Eu creo que é afondar no mesmo, que foi un erro político increíble, un erro político case de gardería; non imaxino en ningún de vostedes faltar á súa obriga. E as achegas que puideron ter feitas a este debate, foron as mesmas que fixeron no pleno de orzamentos da institución, como explicitou o compañeiro do BNG que é o pleno máis importante do ano. Eu resérvome a opinión e remítome as declaracións que fixo o ex - alcalde de Ourense nun xornal hai días e estou completamente de acordo con el; mesmo nalgunha frase cando se refería a el dicía: *o único que viu ovnis no mundo*, esa é unha definición gráfica na que estamos respecto a este grupo de ausentes. Á voceira de Cidadáns dicirlle que celebro, por suposto, o protagonismo político feminino, nun debate destas características, eu son pai de tres fillas e, ademais, presido unha forza política que tamén pode dicir con orgullo que ten a maioría absoluta de mulleres no seu consello executivo a nivel

provincial. Estou de acordo coa visión que manifestou aquí, en relación coas súas propostas, ambiciosa e positiva; sobre todo cunha frase que repetimos sempre, que é crer no potencial da nosa provincia. Das 10 propostas, despois falará o voceiro do meu grupo, vese que hai un interese especial na cuestión medioambiental, sen dúbida unha das potencialidades da nosa provincia e tamén hai coincidencia porque moitas delas están incluídas no Plan 72-73. Creo que esa contundencia en pensar sempre nos máis novos, nos nenos e tamén unha andaina que levamos empezado fai tempo con determinados programa como o Coñece Ourense, o EsquiOu, Pazolandia..., a nosa política de apoiar as propostas dos concellos en relación con parques infantís, etc..., creo que hai esa coincidencia e celebro que este debate sirva tamén para que se poña de manifesto ese criterio que compartimos. Con respecto ao voceiro do BNG, á parte de agradecerlle o ton - educado, rigoroso, como sempre-, dicirlles que non lles vén mal escoitar algúns datos positivos de Ourense, porque existen eses datos positivos de Ourense, entón a óptica que vostedes predicán, esa óptica do pesimismo, esa óptica da hecatombe, ese estado comatoso do que fala vostede que, por certo, é un dos 25 membros desta corporación, imaxino que tería un momento de jauja neses catro anos que cogobernaron en Galicia e que, nese momento, todas as cifras de emprego, de desenvolvemento... a todos os niveis, ese foi un momento inesquecible para todos nós; ou sexa que vostedes xa teñen acreditada experiencia de goberno e a verdade é que o resultado non foi nin menos o que predicán cando o fan dende a oposición. O que si lle teño que recoñecer, e a isto contribúe a ausencia hoxe do PSOE, que ese discurso do Plan Único que empezou con eles, agora é seu e é unha completa teima súa, nace dunha gran mentira, pero aí gañoulles, claramente, a partida ao Grupo Socialista porque recoñezo que sempre está con esta cuestión. Alude a criterios de proporcionalidade que non sei se nos plans de obras, nos concellos onde todos levan a mesma cantidade, estarían contentos con eses criterios todos os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia, que son 82, e que supostamente con ese criterio reduciríanse as achegas. Eu teño que agradecerlle o ton novamente. Da xuntanza que mantiveron todos os voceiros, evidentemente, hai acordos de todos os grupos, dos grupos presentes que son os que participan, os grupos que falan, os grupos que escoitan, os grupos que traballan, os grupos que pensan en clave de provincia. Grazas ao voceiro de Democracia Ourensana, a Miguel Caride, polo ton, polo talante, por ese *Ourense por riba de todo* que foi capaz de aplicar dende que sucederon as eleccións municipais, ata que se constituíron as corporacións locais e a corporación provincial aquí en Ourense; agradecerlle a súa lealdade, o seu traballo en positivo

e ese goberno único que goberna, que aproba orzamentos e que, sen dúbida, é unha panca de desenvolvemento porque na base de todo iso está o pacto, está o diálogo, está o falar, está o escoitar e sen ningunha situación aprioristicamente decidida, senón pensando só en clave de Ourense, un Ourense con maiúsculas. Agradecerlle ao voceiro do meu grupo, do Grupo Popular, que lembrara a utilidade do debate. Este debate e todos os debates son útiles, nós estamos aquí representando a veciñas e veciños, entón temos a obriga de tomar a palabra para falar en nome deles; entón, non estar significa renunciar a unha das cuestións máis sagradas que hai na democracia e alá cada un cos erros que comete, pero ademais de non vir, de non falar, de non escoitar, sen dúbida os datos que vostede ofreceu en relación coa utilidade das propostas aprobadas nos debates sobre o estado da provincia anteriores, evidentemente falan de que este é un debate con froitos, con cuestións, con medidas que se implementan e que se traducen na realidade, eu referínme a unha delas na miña intervención con ese anuncio que fixéramos de solicitar para Ourense esa infraestrutura educativa, nun ámbito tan de futuro e tan relacionado co ensino e o desenvolvemento dos pobos como é a Formación Profesional, fixémoslo o ano pasado e hoxe celebrámolo coa colaboración da Xunta para poñelo e marcha e que sexa unha realidade no próximo curso. Como é tradicional, eu aproveito esta intervención para anunciar, a maiores, determinadas accións que van a formar parte da actuación política desta Deputación nos próximos meses e que tamén se traducirán en realidade; son temas que vai a levar adiante este goberno e que tocan diferentes sectores e diferentes cuestións. A primeira delas é a cooperación específica en materia medioambiental que imos a iniciar co Concello de Ourense, concretándose en utilizar o compost obtido para rexenerar zonas degradadas por incendios forestais e para un programa de cooperación cos concellos da provincia para utilizalo en zonas verdes e xardíns. O segundo punto ten que ver con ese escenario de Ourense como ecosistema de turismo deportivo e anuncio que Ourense será a sede dunha etapa de *La Vuelta*, de novo, en 2020; un acontecemento que, sen dúbida, ten moito que ver cos números dos últimos tempos, singularmente cunha das zonas máis increíbles da provincia de Ourense que é a Ribeira Sacra. En terceiro lugar, levaremos o documento de conclusións Ourense Rural Summit, e agradezo a presenza aquí da vicerreitora do Campus de Ourense, porque da man da Universidade de Vigo, da man da cooperación, da man das sinerxías e da entidade, non só pública, senón público-privada, levar este documento a entidades asociativas de gobernos europeos para reclamar a adopción dunha axenda rural europea. O traballo dos máis de 130 expertos no medio rural que se reuniron durante uns días

aquí, na provincia de Ourense, sen dúbida foi sementeira e dá lugar á posta en marcha de políticas e encontrar o eco suficiente noutros foros, que sen dúbida temos a capacidade para estar aí e para trasladalo, son medidas positivas, medidas de futuro. Como será, e anuncio o punto 4, desenvolver o proxecto do Centro do Galeguismo nos Peares, lembrando a Rodolfo Prada; unha cuestión que faremos da man da Xunta, xa temos adquirido o predio onde se atopaba a casa onde naceu Rodolfo Prada e para nós será unha satisfacción erixir nos Peares ese centro de interpretación do galeguismo, unha cuestión que consideramos fulcral e irrenunciable para este grupo de goberno. Materia de turismo, na próxima edición de FITUR, en Madrid, vamos a presentar con moita forza os xeodestinos da provincia, que é o xeodestino da Baixa Limia, e que vai a ser un plus, un atractivo a maiores dos que estamos desenvolvendo dentro do ámbito turístico; falei antes do proxecto destino turístico intelixente, de que catro provincias de España lograron financiamento para o desenvolvemento dunha actuación destas características (temos que celebralo) e evidentemente temos que executalo e en FITUR será unha ocasión para presentar esa innovación, esa vangarda e ese recoñecemento a un dos puntos con maior atractivo turístico da provincia. Sexto lugar, incorporar políticas de *compliance* nesta institución, como paso previo para un plan de cooperación cos concellos nesta materia; esta cuestión xa vén incluída no Plan de goberno 72-73 e é sen dúbida un avance. O *compliance* está asentado no sector privado, pero, sen dúbida, pasar ao sector público é unha cuestión que dentro de pouco (non podo dicir se seis meses, un ano ou dous anos) unha obriga legal para todos, mesmo para os concellos e a Deputación vai a dar un paso adiante nese sentido e sinalar de novo o camiño para que outras institucións se incorporen e, fundamentalmente, facer partícipes deste tema aos concellos da provincia, fundamentalmente aos seus responsables públicos, aos membros das corporacións locais que, sen dúbida, son os mellores representantes dos veciños na verdadeira escola da política que é a política local. En sétimo lugar, e baixo o paraugas do Ourense Film Festival, tendo en conta a consolidación que, tan só en dous anos, fomos capaces de conseguir, exercer unha labor de coordinación e achegamento a todas as iniciativas audiovisuais, que non son poucas, que existen e xorden en diferentes lugares da provincia, dende Valdeorras ata Verín, pasando por Ribadavia ou outros foros nos que, sen dúbida, ten moito que ver a creatividade inherente ao ourensán. En oitavo lugar, anuncio que vamos a completar o proceso de traslado do alto emprego tecnolóxico provincial ao edificio Provincia Intelixente, unha cuestión da que vamos da man con ABANCA, xa están neste intre ocupadas e a pleno rendemento os 230 empregos tecnolóxicos

da multinacional IBM, xa están funcionando, e vamos a completar o proceso de traslado nos próximos meses. Sen dúbida vai ser un dos polos de emprego tecnolóxico máis importante de Galicia e esa é unha cuestión que tamén hai que atribuír a este goberno e, sobre todo, gabar o entendemento ao que chegamos con ABANCA para darlle vida a unha infraestrutura que no seu momento tamén foi punteira en materia tecnolóxica e que agora vai a recobrar ese papel pioneiro e vai a marcar o camiño. Noveno lugar, vamos a iniciar nos próximos meses as obras de acondicionamento e posta a punto do novo balneario de Berán, converténdose nunha nova e atractiva posibilidade do termalismo de Ourense. Non pode haber un debate do estado da provincia onde a palabra termalismo non apareza. Vamos a incluír este novo punto, estamos a falar dunha obra próxima ao medio millón de euros e estamos a falar dunha das augas minero-medicinais máis importante da provincia de Ourense, dunha infraestrutura á que lle corresponde dar un pulo, acondicionar e poñer a punto todos os temas que no seu momento, cando foi erixida, non foi posible poñer. Décimo lugar, acondicionar as dependencias actuais do INORDE, aquí ao carón da Deputación, para acoller, da man de Florencio de Arboiro, o Museo da Roda de Afiar e farémolo unha vez estea a nova sede dos servicios provinciais no coñecido como edificio de Correos, que é un traslado que se está a facer este momento, que se completará en semanas, entre eles irán todas as persoas que traballan no Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, e coa liberación dese espazo será o momento desta nova infraestrutura, non só cultural senón turística, estamos a falar dun dos símbolos de identidade da nosa provincia e facémolo, neste caso, da man do que máis sabe, do que máis ama e máis coñece a roda que é Florencio de Arboiro. Celebro os acordos aos que se chegou na reunión de voceiros e volvo a repetir que estamos aquí por Ourense, non me leva outro interese, nin creo que a todas as persoas que formamos parte desta corporación, estean ou non estean presente, que é Ourense e hoxe o que facemos é explicitalo, visualizalo e ir da man da provincia. Unha provincia que necesita unha deputación e un goberno dinámico como está a demostrar que é este goberno provincial. Moitas grazas e bo día.

Seguidamente, ten o lugar a quenda de redúplica dos voceiros dos grupos, nos seguintes termos:

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:**  
a nosa lingua é fermosa, somos das poucas autonomías que teñen o gran tesouro de ter unha lingua propia, que non entende de fronteiras nin de niveis sociais. Temos a sorte de poder conxugar dúas linguas, sen desprestixiar nin eliminar ningunha delas. Síntome profundamente

orgullosa de andar e viaxar polo mundo e que se note ben de onde son e de onde veño: española, galega, ourensá, pero sobre todo limiá e entroideira e, sobre todo, galegofalante. Este binomio de linguas tan distantes, tan iguais ao mesmo tempo, representa valores, percepcións e puntos de vista que teñen un nexo común e ese nexo en común como todos nós, somos os cidadáns desta fermosa provincia. Con todo isto o que quero trasladar é que na política tamén existen dúas linguas, dous puntos de vista, dúas opinións respectables; lexítimas e diferenciadas: a lingua do grupo de goberno e a lingua da oposición. Igual que debemos utilizar e darlle valor ás dúas linguas da nosa terra, debemos ter en conta as dúas visións da política. Conxuguemos as dúas posicións, unhas veces falemos unha lingua e, de cando en vez, entendamos a necesidade de mudar a nosa maneira de expresarnos; de aí o meu primeiro discurso en castelán para poder evidenciar que se pode conxugar sen desprestixiar. Vexo necesario que na política do ano 19, que na política das institucións do século XXI, exista unha permanente comunicación entre o goberno e a oposición. Unha necesidade que favorecerá o camiño correcto para poñer a Ourense no lugar que se merece. Debemos traballar conxuntamente para conseguir os retos e as metas necesarias para o benestar de toda a nosa veciñanza; a eles lles debemos este escano e por eles temos a obriga de entendernos, de respectar o sillón que ocupamos e de entender a enorme tarefa e responsabilidade que temos por diante estes catro anos. Demostremos á sociedade ourensá que estamos á altura das circunstancias, que non vimos aquí a teatralizar, nin a converter a Ourense no refuxio dos políticos mediocres. Demostremos que a nosa prioridade está na creación de emprego. Demostremos que a nosa prioridade está na fixación de poboación. Demostremos que a nosa prioridade está na aposta real polos nosos maiores. Demostremos que a nosa prioridade está na aposta polas novas tecnoloxías e demostremos que a nosa prioridade está na aposta polo turismo territorial, natural e medioambiental; en definitiva, que a nosa prioridade é a nosa xente. Con traballo, ilusión, dedicación, diálogo e altura de miras conseguiremos para Ourense o máis alto dos rañaceos que non é outro que o benestar dos nosos cidadáns. Quen teña honra, que me siga. Moitas grazas.

**D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG:** de novo, bos días. En total, foron traídas a este Pleno 30 propostas, das cales 15 foron finalmente referendadas polos catro grupos políticos. Certamente, neste caso, botar de menos aos compañeiros do PSOE e que Democracia Ourensana non trouxera algunha proposta, máis alá de xustificar o seu pacto co PP; pero que hoxe non era obxecto deste Pleno, quero entender eu. Con todo, creo que está

ben que cheguemos a puntos de confluencia, posto que debería de ser o interese desta Corporación acadar obxectivos comúns para o desenvolvemento da provincia de Ourense e da cidadanía que nela habitan e de todos aqueles que poderían ser obxecto da nosa arela de que volvan a esta provincia. Das propostas do BNG, foron seis as aprobadas e tamén, como lle trasladei á xunta de voceiros, estou un pouco defraudado porque a primeira, que para min era algo fundamental, como indicaba o presidente, non foi aprobada. Indícoo porque non é un capricho do BNG, é un tema de xustiza, non creo que ningún dos concellos desta provincia recibiran menos de 48.000 € (non é que non o crea, á que estou segurísimo de que non) para as súas necesidades. Por outra banda, o que solicitamos é o cumprimento dunha ordenanza reguladora de subvencións desta Deputación Provincial de Ourense, que indica a necesidade de que, basicamente, as subvencións sexan por concorrencia competitiva. O que pedimos é algo tan lóxico, dende logo os partidos de ben que así se consideran, entre eles creo que está o PP, sempre están indicando que hai que cumprir a lei; ben, pois o que estamos pedindo neste caso é que se cumpra, parece algo lóxico e que non hai que desbotar na súa importancia. A partires de aí, hai algunhas iniciativas dalgúns grupos que non apoiamos, certamente non sabemos moi ben onde colocalas; por exemplo: poñer en marcha o proxecto do futuro Gran Hotel Balneario na cidade de Ourense que presenta o PP, iso sen máis indicación de se vai ser unha iniciativa pública, privada... Estamos un pouco co tema da recuperación da Chavasqueira, que aínda está aí e parecía plausible, hai moitas iniciativas que son conxuntas – entendo eu xa que estamos falando do goberno bipartito - os xardíns do mapamundi, as 80 plantas... hoxe pola mañá levantámonos coa nova de que a Molinera vai ser, probablemente, a nova sede do Centro de Intelixencia Artificial cando temos un Parque Empresarial en Ourense que agora desabrigamos porque non temos iniciativas para ese Parque Tecnolóxico de Ourense, cando parecía un espazo acaído para seguir emprendendo alí iniciativas que tiveran que ver coa intelixencia artificial e todo o mundo que se move ao redor das novas tecnoloxías. Despois hai outros temas, sinceramente, de observatorios nesta provincia vamos sobrados; eu creo que non fan falta máis observatorios, o que fan falta son iniciativas reais de desenvolvemento, poñer cousas en práctica. Eu non discuto un Observatorio Internacional do Medio Rural, o problema é que ese Observatorio Internacional do Medio Rural, eu que son concelleiro de medio ambiente e presidente dunha Reserva da Biosfera non me decatei de que o había ata que saíu en prensa; quen di eu, dígolle que os GDR (Grupos de Desenvolvemento Rural) non participaron nese Observatorio Internacional, non participaron os técnicos que

están ao fronte das oficinas comarcais. A verdade é que virían especialistas de todo o mundo, pero os que están ao pé do canón loitando polo medio rural desta provincia non tiveron nin a oportunidade de participar; creo que hai cousas que deberíamos de repensar seriamente. Despois, hai outros proxectos que xa están en marcha, está ben que os poñamos sobre o papel, pero o outro día xa anunciou o presidente da Xunta que se ían a desagregar os 241.000m2 para incrementar o Parque de San Cibrao das Viñas. Por suposto, vannos a atopar en temas como a defensa do país e recoñecemos ese labor por parte desta Deputación de cara á celebración do 100 aniversario da revista *Nós*, por suposto que si; hai outras cousas que, claro, o que lles comentaba anteriormente, a retransmisión das Xuntas de Goberno da Deputación non sei en que punto poñela de cara ao desenvolvemento desta provincia e a grave problemática que ten porque, señor presidente, datos positivos podemos velos sempre, pero o certo é que eu creo que a realidade que nos rodea é difícil de conxugar con noticias maravillosas; máis ben é que a nosa realidade é que a perda de poboación e a perda de postos de traballo, estamos agora con temas como o de Unitono, a ver a onde vai. Resulta que eses 130 postos de traballo de Unitono para a provincia de Ourense son tan importantes como Alcoa para a provincia da Coruña porque é das poucas empresas que ten esa capacidade de crear emprego nesta provincia; está pasando, un pouco, sen pena nin gloria e a ver a onde vai. En xeral, ao BNG por suposto que o van a atopar, dicíao na primeira intervención que tiven neste Pleno, con espírito colaborativo e tamén vixiante e de cumprimento das obrigas desta Deputación. Eu creo que debe ser así, aquí estamos representando aos nosos veciños e non pode ser menos. En propostas como as de Cidadáns, temos estado de acordo en algunhas, noutras non foi posible chegar a un acordo, outras é que non as vemos claras e hai outras nas que creo que discrepamos no fondo, pero no que sería o enunciado estamos de acordo; por exemplo, a min preocúpame moitísimo a Estación de Montaña de Manzaneda porque non deixa, nos últimos anos, de ser un saco sen fondo (estamos a falar de que se chegaron a investir 4,5 millóns en sistemas de innivación que o ano pasado funcionaron dúas semanas) e que segundo vin na última xunta que tiveron vostedes coa presenza da Xunta de Galicia e dos concellos que forman parte do accionariado, había que poñer uns 90.000 € para arrancar e houbo que absorber unha débeda moi importante, todo iso cunha xestión privada, como mínimo, cando poñemos os cartos públicos deberíamos ter moito que dicir na xestión dese espazo. Entón, por suposto que estou de acordo en que hai que reformular iso, porque así non deixa de ser un saco sen fondo que, ademais, a achega para a comarca non é a que debería de

ser, cando menos con esa cantidade de cartos públicos que se están manexando. Hai outras cousas que non deixan de sorprendeme, eu propoñía aquí, entendo que a Deputación ten técnicos máis que cualificados para a observación e das propostas da rede viaria, tanto provincial como municipal, entón a colaboración coa Asociación de Construtores de Ourense ten que ser a execución das actuacións, loxicamente, pero antes diso están os técnicos, para iso os temos contratados, senón poderíamos prescindir deles. En xeral, este pleno en boa medida (agardo que non, que estas propostas que aquí aprobamos teñan unha translación inmediata a nivel orzamentario) é un brinde ao sol que, incluso, habería que reorganizar; hoxe porque non viñeron os compañeiros do PSOE e Democracia Ourensana non presentou propostas, senón xuntaríanos aquí con 50 propostas que eu considero que son moi difíciles de xestionar a nivel de debate e clarificación. Eu creo que este Pleno, de seguir celebrándose, debería merecer unha reflexión por parte de todas e de todos nós. En xeral incido en que os orzamentos da provincia, os orzamentos provinciais, son a clave de bóveda do que se vai a executar nos anos vindeiros nesta provincia; polo tanto, aqueles que tivemos en setembro terían que ter sido máis razoados, máis claros e marcar as liñas políticas desta provincia e, por suposto, eu si seguirei dando a chanca co Plan Único, chamémoslle como queiramos, pero iso é algo que vai ter que ser así porque é nas outras tres provincias, e practicamente no resto do Estado, e sinceramente é unha forma de que os concellos podamos ter os fondos dos que tan necesitados estamos para executar políticas achegadas á cidadanía que é algo que están facendo moi ben os portugueses a través das cámaras municipais, por certo, e que aquí deberíamos de practicar máis. Nada máis e moitas grazas.

**D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas, señor presidente, permita que faga esta segunda miña intervención dende o meu asento xa que vou ser breve en matizar algunha cuestións. Dicirlle ao señor Bernardo Varela que non era obxecto deste debate defender o pacto. Realmente para min, para o noso grupo, era moi importante facer unhas explicacións necesarias, en sede institucional, no centro da palabra, non fóra do entorno no que nos movemos. Tamén é certo que non só falei do pacto, senón do comportamento, das actitudes, da responsabilidade dos vinte e cinco deputadas e deputados que conformamos esta corporación. Penso que ese foi o gran proveito deste debate, penso que hoxe demostramos que se pode debater con racionalidade, con obxectividade, con respecto e, sobre todo, con sinceridade; empezando por vostede mesmo e pola señora Lama. A oposición, unha oposición que demostrou neste debate que non fai falta

a estridencia, non fai falta a confrontación, non fan falta acusacións para poder expor cuestións que interesan á cidadanía que é o que, dalgunha maneira, eu pretendía reivindicar. O ton do debate, a obxectividade do debate, a crítica racional, estamos amosando que hai un modelo de debater nas institucións locais provinciais que permite avanzar moitísimo máis e permite avanzar incluso no feito de que, aínda que efectivamente Democracia Ourense non presentou ningunha proposta e xa o expliquei, non presentamos porque, e quizais niso concordo con vostede, o modelo ao mellor témolo que revisar; se nós chegamos a achegar 10 propostas máis, se chega o Grupo Socialista a participar neste debate achegando outras 10, estamos falando de 50 propostas. Xa nos custou, nesta xuntanza que tivemos agora, poñer un pouco en orde algunhas cousas; pois isto xa sería tremendamente complicado. En calquera caso, tanto ao meu grupo como eu, a min gústame debater con calma, con repouso. Moitas das propostas que hoxe miramos requirirían, seguramente, un debate moito máis en profundidade; tamén me gusta preparar os debates, non vir con calquera cousa, haberá que estudar os contidos e todo, polo tanto, facer unha valoración global de tanta proposta é complexo. Non obstante, quero destacar e para min paréceme moi importante, o positivo do que ocorreu hoxe aquí é que, como ben dicía o señor Bernardo Varela, das 30 propostas, 15 foron consensuadas. Iso quere dicir que nuns casos un grupo apoiou doutro e outro as dun; é dicir, ese consenso deriva de que hai grupos que nos apoiamos en moitas máis e que, ao final, entre os tres conseguimos consensuar, é dicir, a metade das propostas conseguíronse consensuar. Seguramente, se houbera un debate máis profundo para algunhas delas, atoparíamos que algunhas se solapan; en calquera caso, eu quedo coa forma máis que co fondo; a forma é que temos posibilidades de traballar, temos capacidade para abordar os problemas desta provincia falando e dialogando entre todos e non facendo dos debates unha loita de vencedores ou perdedores. Pouco máis teño que dicir, simplemente que non vou a determe a analizar estas propostas porque alongariámonos moitísimo; lembrar que son 15 propostas de consenso, xustificálas faríase interminable este debate e xustificar as outras 15 no voto negativo seguramente non sairíamos ata as 7 da tarde. En calquera caso, quedo cunha idea moi clara. Pódese ter un modelo de debate obxectivo, respectuoso; un modelo de debate no que si se debata sobre os intereses da cidadanía e iso é co que me quedo hoxe neste debate que vimos de ter. Nada máis.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas, presidente. señor Varela, en primeiro lugar, sabe que llo digo con total sinceridade, grazas polas súas achegas

que veñen a demostrar o seu interese e o do seu partido por contribuír no progreso da nosa provincia; iso únenos máis alá das lóxicas diferenzas do proxecto político e, como xa lle adiantei na xunta de portavoces, apoiaremos o 60 % das súas propostas. Diferenzas, claro que as temos, sobre todo, vostede xa o adiantou, na insistencia nun plan único de cooperación do que xa temos falado demasiadas veces neste salón de plenos e que suporía, por exemplo, tamén o ten que recoñecer, suprimir o INORDE, o Plan de Rozas, o Plan BenOurense de servizos sociais municipais, as axudas a concellos para actividades culturais, para o fomento do deporte, para o plan de Mocidade e Empregabilidade, entre outros. Polo tanto, como xa é sabido, non podemos votar a favor desa proposta. Tamén fala dunha estratexia de calidade e de servizo público para a rede viaria provincial e municipal, un aspecto no que os técnicos da Deputación e o goberno provincial xa traballan; en consecuencia, tampouco podemos aprobar esta proposta. Sobre o Consorcio Provincial contra Incendios entendo que reclamen una xestión pública porque esa é a base do seu discurso político, a xestión pública, aínda que non sempre. Nós vémolos doutro xeito, en todo caso, non descartamos nun futuro mellorar o modelo de xestión; votaremos non, polo tanto, a esta proposta. Que quere que lle diga sobre o transporte público? quero deixar claro que nós apostamos, e seguiremos apostando, polo transporte comarcal, polo tren de cercanías e pola redución de prezos; polo tanto apoiaremos esta proposta. E por razóns de tempo, entenda vostede que teña que referirme brevemente ás demais propostas e así o farei. Fala vostede nunha delas: instaurar un novo marco de xestión de residuos urbanos; pois estamos de acordo, por estar contemplado dentro da xestión futura deste servizo público. Fala tamén de establecer marcos de cooperación económicos e técnicos cos GDR e cos órganos de xestión das reservas da biosfera; estamos (quédelle claro) e seguiremos estando a favor do diálogo e de compartir experiencias cos GDR e cos órganos de xestión das reservas da biosfera, xa o estamos facendo. Que a Deputación promova proxectos abertos a todas as corporacións locais da provincia para a solicitude de axudas da Unión Europea, xa o estamos facendo, señor Varela; o que si é que non temos que ofrecer, tamén se pode solicitar como vostede dixo, entón que a Deputación diga *aquí estamos para axudarche*, non. Non se trata de ser *pedigüeños*, pero tampouco esperar que che veñan á porta ofrecer o que tes que facer. Establecer liñas de axudas directas para que os concellos poidan desenvolver mercados de proximidade, tamén estamos de acordo pero partindo sempre do máximo respecto á autonomía municipal. Fala tamén de reclamar da Xunta de Galicia e do Estado que doten orzamentariamente todas aquelas competencias que teñan descargadas nos

últimos anos, como non imos a estar de acordo, sempre o estaremos en todo aquilo que permita mellorar os servizos públicos dos nosos concellos e, polo tanto, desta provincia. Como digo sempre, competencia si, pero suficiencia financeira tamén. E por último, lémbrenos que debemos instar á Xunta de Galicia a dotar aos servizos sanitarios de mellor persoal e de medios materiais. Non podemos apoiar esta moción por unha cuestión evidente, a Xunta xa coñece as nosas peticións de melloras permanente da nosa sanidade pública; por certo, señor Varela, unha das mellores de España, convén non esquecerlo. E señora Lama, vexo tamén con agrado que se tomou moi serio este Pleno, xa llo dixen antes, presentando non só un decálogo de propostas, senón un amplo argumentario de cada unha delas; nótase que pasou por outro grupo onde somos serios, verdade que si?. Grazas, tamén, polo seu esforzo a prol da nosa provincia. Como tamén sabe, votáramoslle a favor do 60 % das súas propostas. E grazas tamén porque das súas propostas se desprende que, polo menos, tivo a ben repasar o noso Plan de Mandato 72-73; non sei eu, pero permítame (na boa relación que nos une) a broma, se parece que plaxiou algunha das medidas incluídas no noso plan de mandato, estou seguro que non foi así, pero se fosen outros, que niso de plaxiar saben máis, non tería dúbidas. *Chascarrillos* aparte, refírome tamén brevemente ás súas propostas e, a falta de tempo, entenda que teña que ser moi breve. Propón vostede *potenciar* (e leo en castelán porque así vostede o propuxo) *nuestra cultura y ofrecer alternativas únicas a nuestros niños y adolescentes en edad escolar*; pois ben, como vostede ve, xa o facemos e un claro exemplo (vou tirar para a casa) son os campamentos da Ourensanía no meu concello, Muíños. Fala tamén de poñer en valor o enclave das Corcerizas en Vilar de Barrio, por certo, como vostede dixo, enclave precioso, tamén estamos de acordo; como vostede sabe, porque leu o noso Plan de Mandato, esta proposta está reflectida nese plan 72-73 con data e hora: 13:00h do 10 de marzo de 2022, non queda moito, pero queda algo. Creación dun departamento específico e ex profeso na Deputación para a dirección e posta en valor da Ribeira Sacra. Xa existe ese departamento, señora Lama, e chámase INORDE, estivo presente sempre en todas as actuacións, dende a reactivación da candidatura a Patrimonio da Humanidade, alá por setembro do ano 13; polo tanto non podemos votar a favor. Fálanos tamén pola aposta do benestar dos nosos maiores, posta en marcha dun proxecto de cohousing-vivenda colaborativa; estamos a favor pero lémbrolle que xa estamos colaborando en proxectos similares en concellos desta provincia e vostede, no seu momento, votou a favor dalgunha proposta e iniciativa nese sentido. *Apoyo efectivo a los sectores emergentes de nuestra*

*provincia, creación de una oficina de apoyo e información;* señora Lama, vostede que compartiu responsabilidades de goberno con nós e non fai moito tempo, sabe que xa existe: o INORDE, votaremos non a esta proposta. Construción dunha cidade deportiva e exemplar (vivan as cartas aos Reis Magos!, pronto chegan) trátase dun tema, como vostede sabe, competencia municipal do Concello de Ourense, vostede ten alí representantes, algún creo que nos acompaña aquí, presénteno onde corresponde: autonomía municipal, polo tanto non podemos votar a favor desta proposta porque ao Concello lle corresponde. A creación dunha APP de turismo? Pois como non, votaremos a favor; recórdolle en todo caso que xa está prevista no Plan 72-73 froito dunha realidade que vostede ben coñece, o proxecto “Ourense destino turístico intelixente” conseguido por este goberno e cando vostede compartía responsabilidades connosco. Na súa proposta número 8 fala da creación dunha comisión de seguimento de infraestruturas e investimentos provinciais, pois estamos a favor, pero teña en conta que xa forma parte do cometido da área de infraestruturas desta Deputación. Logo tamén nos propón reestruturación íntegra, á que vostede se referiu antes, da Estación de Montaña Oca-Manzaneda, neste momento non podemos votar a favor desta proposta, en todo caso asegúrolle que estamos e seguiremos estando moi atentos á mellora do modelo de xestión futura, pero depende, como xa lle dixen, doutros accionistas de MEISA. Por último, con respecto á súa proposta número 10, referida á *concienciación medioambiental, nuestro bienestar y nuestra garantía de futuro;* anúnciolle que votaremos a favor desta, xa que se trata dunha medida que xa forma parte do Plan de mandato Ourense 72-73. O primeiro campus de educación ambiental inaugurárase ás 12 horas do 2 de xuño do ano 21, compatible con toda a actividade medioambiental que realizamos, especificamente con colexios e mocidade en lugares de referencia como a Insua dos poetas, ou publicacións específicas na semana escolar da provincia. Nada máis, termino señor presidente, moitas grazas a todos e a todas pola súa atención e de maneira especial -permítame que os cite- señora Lama, señor Varela, señor Caride (a quen non está non llas podo dar) polas súas achegas, como xa dixen, e sobre todo pola súa elegancia e o seu respecto nas súas intervencións ao que non estamos afeitos ultimamente. Moitas grazas.

Concluídas as intervencións dos portavoces, pecha o debate sobre o estado da provincia o Sr. Presidente, coa seguinte intervención:

**O Sr. Presidente:** tomo de novo a palabra, neste Pleno de debate do estado da provincia, proclamando de novo a utilidade desta iniciativa, pero tamén poñendo en valor a capacidade propositiva dos grupos, o ton educado, correcto, institucional que, sen dúbida, fala alto, ben e claro dos que estamos aquí hoxe representando ás veciñas e veciños que nos outorgaron o seu voto. Proclamo tamén ese orgullo, lexítimo, do apoio que como presidente teño dos deputados e deputadas dos dous grupos políticos que sustentan este goberno único e tamén do orgullo lexítimo do apoio institucional, vimos de coñecer agora o resultado dos emigrantes en relación coas últimas eleccións xerais e tamén o saldo, o resultado é positivo para a miña formación. Isto trátase de crer na institución, de crer no territorio, crer na provincia de Ourense; como dixen antes, sentir paixón por Ourense e presentarse a unhas eleccións dicindo: temos un candidato para presidir a institución e temos un programa de goberno para rexela nos vindeiros anos, indicando as 110 medidas que o conforman a hora, o día o mes e o ano (como puxo de manifesto agora o voceiro do Grupo Popular) en que van a ser realidade. Eu creo que xa teño pasado tres sesións de investidura nesta Deputación e, evidentemente, é unha satisfacción persoal, pero un acicate e unha responsabilidade política, un plus, como ten acontecido fai semanas cando fun elixido presidente da Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias, onde a conformamos 25 representantes de institucións das máis de 8.150 entidades locais de España, aí está Ourense, ou na Comisión de Goberno da Fundación Democracia e Goberno Local, da que volvo a formar parte da súa xunta directiva, ese núcleo reducido de 8 persoas que representan a 30 gobernos locais de España, por non falar da unanimidade presidindo a Asociación Europea de Gobernos Provinciais, ou sendo vicepresidente da CEPLI (Confederación Europea de Gobernos Locais Intermedios) con maioría socialista, por certo, representando a 1.107 gobernos locais de Europa, ou ultimamente na Asemblea Xeral da Asociación Europea de Cidades Históricas Termais, tamén elixíndome presidente por unanimidade, onde hai representantes dos 51 espazos termais de 17 nacións de todas as cores políticas e de ideoloxías diferenciadas pero que son capaces de advertir un proxecto pensado por e para a maioría e depositar a súa confianza para que os represente. Por iso, dende esta plataforma que é a Deputación de Ourense, que se debe sen dúbida aos veciños e veciñas da provincia, volvo a proclamar a miña querenza, a miña paixón por Ourense. Señora Lama, correctamente acertada na utilización das dúas linguas, esa é unha riqueza que temos, non esquezamos que o artigo 5.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia di que a lingua propia de Galicia é o galego, pero que

ninguén pode ser discriminado por razón da lingua. E por suposto, altura de miras, iso é o que debe primar en calquera actuación política, altura de miras que hoxe, polo que se ve, eu adoptei a posibilidade de chamar aos representantes do Grupo Socialista, porque sempre pensei que aparecerían en calquera momento, pero non se produciu. BNG, estou completamente de acordo con ese espírito colaborativo e vixiante, esa á a labor da oposición. Eu non espero que o Bloque afagar, aplauda ou que poña en valor as políticas que se fan dende aquí, vostede ten o seu papel de oposición e teno que facer; o que si lle diría é que ese Plan Único socialista en tempos, agora se pode chamar *Plan Varela* porque é a persoa...e debemos todos, determinadamente, chamalo así, que parte dunha gran mentira, ou dunha verdade sesgada, é bastante difícil que a un concello da provincia lle corresponderan menos de 48.000€, é que non son 48.000€, é que cada ano ten 48.000€ para unha obra no seu concello, 3.000€ para a dirección de obra e o proxecto, 3.500€ para o plan de rozas, 20.000€ para empregabilidade, que é crear emprego, 4.500€ para cuestións relacionada co medio ambiente, 6.000€ para mocidade...estamos a falar dun mínimo anual de 80.000€, estamos a falar de 370.000€, mínimos, por mandato para cada concello e sen poñer en dúbida o que acaba de dicir o voceiro do Partido Popular, porque iso significaría eliminar todas as cuestións das que é pioneira tamén esta institución no plano de cooperación cos concellos. Estou de acordo en que vostede crea que son moitos observatorios, nunca son moitos; non lle parecían moitos a Anxo Quintana cando sendo vicepresidente da Xunta creou algúns deles, como o Observatorio Galego da Infancia. Eu estou completamente convencido de que os expertos deben debater, deben falar e deben pronunciarse sobre determinadas cuestións e que fixemos nese Ourense Rural Summit, e aí está a vicerreitora do Campus, pois foi ter en conta a todos eses expertos; non pensando só en clave de Ourense, senón nunha problemática que afecta a Galicia, a unha parte de España, pero tamén ao 80% dos territorios europeos. A vostede non lle parece relevante que se retransmitan as xuntas de goberno, pero é unha aposta desta Deputación pola transparencia; eu creo que aos veciños de Allariz lles interesaría contemplar as comisións informativas e iso non o poden facer porque teñen que desprazarse alí e eu non sei se os deixan entrar. Esta máxima forma parte do ADN desta institución e é compartir toda a información coa veciñanza. Di que son difíciles de xestionar debates como este en canto ao número de propostas, pode ser, pero aquí limitamos as propostas, pero no debate do estado da autonomía, no debate do estado da nación non hai esa limitación; aquí damos prazos con días dabondo para estudialas (o prazo de remate de presentación de propostas foi o día 7), tivemos

ata seis días para estudar, neste caso, as 30 propostas, nas 10 súas xa estaba de acordo, non ten por que estudalas, e creo que é suficiente para o traballo que temos que facer, ademais estamos falando practicamente de frases, de cuestións que despois teñen un desenvolvemento, nas que se pode estar de acordo, ou non se pode estar de acordo e eu, evidentemente, lle agradezo que estivera de acordo en 15 delas que vamos a votar conxuntamente e que, sen dúbida, é un avance para a provincia. Agradecer a intervención do veceiro de Democracia Ourenzana. Este é un debate que se desenvolveu con respecto, que se desenvolveu pensando en clave de provincia, cunha indubidable utilidade, participativo e no que outros non quixeron formar parte, pero alá eles coa súa responsabilidade que é a máis grande, representar ás veciñas e aos veciños que nos votaron nos comicios correspondentes. Aproveito para dicir que temos un decálogo de retos do mundo local español do século XXI, que coñecen todas as altas institucións do Estado, porque é este foro, unha deputación como esta que sempre ten unha capacidade propositiva, pois ten que ter esa capacidade e como me avisa o presidente en funcións de que teño que ir rematando, faréivolo chegar inmediatamente. Remato cun parágrafo soamente, señor presidente, o discurso de Castelao no aniversario do Centro Ourenzá de Bos Aires en marzo de 1945, dixo:

*Hai no pobo de Ourense un fino don de xentes e unha especial tónica política, dotes que o levan a triunfare na súa vida de negocios e nas súas empresas colectivas.*

*Eiquí, en Bos Aires, os ourensanos levantaron este Centro que, dende o primeiro día, converteuse no niño quente onde a galeguidade se agochou e cobrou pulo de proselitismo e senso para levar a cabo unha laboura patriótica de grande alento.*

*O Centro Ourenzano é, certamente, pola súa intuición política, polo seu fino taito social e pola súa fondura patriótica un fidel trasunto do pobo de Ourense.*

A ese pobo de Ourense, deputadas e deputados, á nosa provincia nos debemos. Ourense por riba de todo. Moitas grazas e bos días.

O contido íntegro do debate deste asunto recóllese integramente no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 1º](#)

## **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN FORMULADAS POLOS GRUPOS.-**

O resultado da votación das propostas presentadas polos diferentes grupos é a seguinte:

**Propostas de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:**

**Proposta n.º 1.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar o establecemento e vías de colaboración entre as distintas administracións implicadas e os centros educativos de ensino público, privado ou concertado, co fin de estudar a elaboración e creación de packs multiculturais e/ou medioambientais que ofrezan aos nosos nenos e adolescentes, en idade escolar, a posibilidade de contar con servizos programados de “saídas” desde os seus centros educativos, tanto os da nosa provincia como do resto da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que poidan acceder e gozar da nosa gran riqueza cultural.

**Proposta n.º 2.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a efectiva xestión das instalacións do centro “As Corcerizas”, levando a cabo un plan de viabilidade para poñer en marcha e seguir co proxecto educativo baseado na cultura da sostiñibilidade, en colaboración con todas as administracións, tanto local como autonómica; solicitar así mesmo a elaboración dun plan estratéxico de turismo para a potenciación e dinamización do dito centro e o seu contorno, en colaboración coas restantes administracións competentes.

**Proposta n.º 3.-** É rexeitada ao obter o voto favorable de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do BNG (1).

**Proposta n.º 4.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Poñer en marcha un estudo de viabilidade para unha iniciativa piloto dun proxecto de cohousing-vivenda colaborativa, nunha das nosas aldeas, implicando ás administracións competentes no dito proxecto e a sectores profesionais e laborais con coñecementos na materia.

**Proposta n.º 5.-** É rexeitada ao obter o voto favorable de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

**Proposta n.º 6.-** É rexeitada ao obter o voto favorable de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

**Proposta n.º 7.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Poñer en marcha unha App de turismo, integrando todos os nosos recursos turísticos, en colaboración con todos os axentes e sectores implicados.

**Proposta n.º 8.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Poñer en marcha unha comisión de seguimento de infraestruturas e investimentos provinciais, pendentes de executar, dotándoa de todos os mecanismos necesarios para o seu efectivo desenvolvemento.

**Proposta n.º 9.-** É rexeitada ao obter o voto favorable de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2).

**Proposta n.º 10.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Poñer en marcha unha comisión de seguimento de infraestruturas e investimentos provinciais, pendentes de executar, dotándoa de todos os mecanismos necesarios para o seu efectivo desenvolvemento.

**Propostas do BNG:**

**Proposta n.º 1.-** É rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

**Proposta n.º 2.-** É rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2).

**Proposta n.º 3.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Instaurar un novo marco de xestión dos residuos sólidos urbanos, establecendo axudas para todos aqueles concellos que dentro do marco de xestión de residuos provincial ou fóra del, incorporen sistemas que permitan uns mellores criterios de separación e recuperación especialmente no que respecta á materia orgánica, tal e como marca a estratexia Horizonte 2020 da Unión Europea.

**Proposta n.º 4.-** Por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

Establecer marcos de cooperación económicos e técnicos tanto cos GDR (grupos de desenvolvemento local) como cos órganos de Xestión da Reserva de Biosfera existentes na provincia, que lles permitan implementar fórmulas de traballo cara á sostibilidade.

**Proposta n.º 5.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Que a Deputación promova proxectos abertos a todas as corporacións locais da provincia, para a solicitude como beneficiarios das distintas ordes de axudas da Unión Europea, permitindo que os concellos con menos de 20.000 habitantes poidan optar a estas e actuando a Deputación como líder destas peticións ao tempo que permite a todos os interesados a participación neles.

**Proposta n.º 6.-** É rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

**Proposta n.º 7.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Colaborar e esixir do Concello de Ourense e da Xunta de Galicia a posta en marcha dun sistema de transporte público integrado que permita acceder dun xeito sostible á veciñanza do resto dos concellos aos servizos da capitalidade, e eventualmente que o territorio provincial se beneficie da chegada do AVE (cando sexa que chegue), mediante un transporte público de calidade. Dentro deste mesmo ámbito compre esixir un tren de proximidade que vertebre a provincia e esta co resto de Galicia. Así como reclamarlle ao Ministerio de Fomento a inmediata redución dos prezos abusivos dos trens Avant que parte de Ourense e a mellora nas súas frecuencias.

**Proposta n.º 8.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Establecer liñas de axudas directas para que os concellos poidan desenvolver mercados de proximidade (KM0), incluíndo liñas que permitan establecer pequenos obradoiros locais de deshidratados, sistemas clave ... que permitan aos pequenos produtores facer transformacións básicas das súas producións. Permitindo con isto axudar ás economías locais e a posta en valor do medio rural, promovendo a recuperación de superficies abandonadas.

**Proposta n.º 9.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Reclamar da Xunta de Galicia e do Estado que doten orzamentariamente todas aquelas competencias que teñen descargado nos últimos anos nos concellos, así como aquelas exencións (por exemplo a taxa de IVTM para persoas con discapacidade) que o estado aplicou, sen chegar nunca a compensar ás arcas municipais por esta mingua.

**Proposta n.º 10.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Instar da Xunta de Galicia a dotar aos servizos sanitarios de atención primaria dos medios humanos e materiais mínimos indispensables para dar unha atención de calidade, mellorando a súa coordinación. Ao tempo, reclámase que a atención hospitalaria na provincia sexa cuberta e se dote do persoal e os recursos necesarios tal e como están a reivindicar os profesionais da sanidade pública.

**Propostas do Grupo Popular:**

**Proposta n.º 1.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Poñer en marcha a Rede Provincial de Museos da Provincia de Ourense, analizando a singularidade de cada un dos museos existentes na provincia, para elaborar un plan, dotando ao conxunto dun instrumento de cooperación para activar sinerxias.

**Proposta n.º 2.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Poñer en marcha, da man da Asociación de Construtores de Ourense, o proxecto “Xeoestradas” sobre as infraestruturas viarias da nosa provincia. Unha ferramenta de participación cidadá para mellorar o estado das vías provinciais que permitirá obter estatísticas, buscando sempre a prestación do mellor servizo público.

**Proposta n.º 3.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Executar o programa “Ourense destino turístico intelixente”, avanzando na vangarda do “turismo á carta” tendo en conta o extraordinario potencial dos nosos recursos. O posicionamento de Ourense, de todas as súas comarcas, da súa visibilidade dentro do turismo interior, é unha capacidade que a Deputación debe abordar dun xeito preferente.

**Proposta n.º 4.-** Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Dedicar espazos ou zonas de titularidade provincial para reivindicar a posta en marcha de políticas de igualdade e a loita contra a violencia de xénero. A transformación de espazos propiedade da Deputación en zonas que signifiquen a aposta pola igualdade e a erradicación de xénero.

**Proposta n.º 5.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenzana (2) e o voto en contra do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

A retransmisión das Xuntas de Goberno da Deputación. Liderar de novo a transparencia, sendo a primeira administración en compartir coa veciñanza o contido das xuntas de goberno da institución.

**Proposta n.º 6.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Organizar, en colaboración coa Xunta de Galicia, o Congreso Internacional da Cultura Galega e a exposición sobre a Xeración Nós. Cumpríndose 100 anos da aparición do primeiro número da Revista Nós en 2020, a Deputación fará un esforzo especial na reivindicación dunha xeración proverbial no pensamento galeguista. Tamén poñer en valor a cultura galega no contexto internacional.

**Proposta n.º 7.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Seguir apostando polos emprendedores ourensáns, co Plan Emprendou da Deputación con fondos comunitarios, e facilitando o seu asociacionismo para que sirva de panca para o nacemento de novas iniciativas empresariais. Aproveitando o retorno de sinerxias das experiencias de éxito derivadas dos plans e programas postos en marcha coa Escola de Organización Industrial do Goberno de España.

**Proposta n.º 8.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Poñer en marcha o proxecto do futuro Gran Hotel Balneario na cidade de Ourense, que constituirá o elemento tractor do termalismo na cidade de Ourense, cunhas instalacións de referencia a nivel nacional e internacional dignas da capital do territorio con maior potencial termal de Europa.

**Proposta n.º 9.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Apoiar desde o INORDE, en colaboración coa Xunta de Galicia, a segregación de 421.000 metros cadrados do Parque Tecnolóxico de Galicia, para incorporalos ao Parque Empresarial de San Cibrao das Viñas. A xeración de máis solo na área industrial máis grande de Galicia procurará a existencia de máis proxectos empresariais.

**Proposta n.º 10.-** Co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Consolidar o Observatorio Internacional do Medio Rural, en colaboración coa Universidade de Vigo, convertendo a Ourense en referencia nas políticas de vangarda coa vista posta no reto demográfico. Contribuír ao deseño e implantación dun ente participativo onde os sectores interesados, desde a colaboración público-privada, teñan voz para ser escoitados e influencias nas políticas que se recomenden.

O contido íntegro deste asunto recóllese integramente no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

E, ás 14 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.